- Funcionamento coordinado entre o profesorado dun mesmo nivel e entre niveis diferentes para a consecución dun mellor rendemento educativo e para unha realización efectiva da PXA.
- Facer un seguimento avaliador do Plurilingüísmo, do Proxecto Abalar e do Contrato-Programa (este último en caso de que sexa concedido pola Administración), Edu-Saúde e Inlue-T.
- Solicitar o Plan Acompaña para o curso 23-24
- Proposta de actualización do Plan xeral de atención a diversidade conforme a orde de 8 de setembro de 2021.
- Elaboración do Plan de actividades físicas e hábitos saudables.
- Continuar coas liñas formativas en base a demanda de formación do profesorado a través do PFPP.
- Recollida, estudo e canalización de achegas e suxestións que o Claustro presenta ao Equipo Directivo cara á revisión do Proxecto Educativo.

- **3.15.- Plan do Equipo de Dinamización Lingüística**

O decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, 79/2010. regula o uso e promoción do galego no sistema educativo. Entre os seus principios, recollidos no artigo 4º, o mencionado decreto contempla a «promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino»; o obxecto do presente Proxecto é dar cumprimento a ese principio no CEIP Plurilingüe Concepción Arenal da Coruña.

A convivencia de dúas linguas, como é o caso dos territorios bilingües do estado e en concreto o de Galiza, proporciona efectos positivos sobre o desenvolvemento educativo e lingüístico do alumnado; feito que nos leva falar de vantaxes comunicativas, cognitivas, culturais, e emocionais, entre outras, que podemos acadar ao impulsar e promover o uso da lingua galega na nosa comunidade educativa.

En consecuencia, debemos ter presente na configuración do noso proxecto de uso e fomento da lingua galega que sexa acorde coa realidade lingüística do Centro e, ao mesmo tempo, ambicioso, desafiante e motivador para todas as persoas chamadas a participar del.

1. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICO

a. CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

O CEIP Plurilingüe Concepción Arenal, coma calquera outro centro de ensino, forma parte dunha sociedade e dun contexto determinado e, polo tanto, reflicte en grande medida o influxo desa realidade.

Podemos afirmar que, na medida en que os centros escolares convertéronse en espazos nos que a lingua galega ten unha presenza formal e burocrática mais resultan pouco amigábeis de cara o uso do galego como vehículo de comunicación e como lingua plena de acceso ao coñecemento e a ciencia, o alumnado galegofalante tende abandonar a súa lingua e empregar o castelán. Este feito, que as investigacións sociolingüísticas veñen sinalando dende hai tempo como consecuencia da implantación do decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, resulta tamén observábel no colexio Concepción Arenal.

A pesar desta observación, debemos apuntar que unha porcentaxe estimábel do noso alumnado ten un dominio pasivo do galego, non só polo seu uso no ámbito da familia nuclear, da familia extensa e das amizades, senón tamén pola súa adquisición noutros ámbitos e, por suposto tamén, na propia escola. En consecuencia, faise imprescindible crear no Centro escolar situacións e espazos no que o alumnado poda percibir o galego como unha lingua plena e ao mesmo nivel ca outra lingua cooficial na Galiza, o castelán.

As alumnas e os alumnos estranxeiros que están escolarizados no colexio Concepción Arenal poden precisar un apoio inicial e específico para conseguiren, no menor tempo posíbel, un nivel aceptábel de competencia nos idiomas do país e dese xeito lograren unha integración plena.

O profesorado posúe, dados os requisitos académicos e de acceso actuais, a suficiente capacitación para usar e transmitir a lingua galega nas aulas sen perda ningunha de calidade da práctica docente.

b. SITUACIÓN DO PROFESORADO.

O profesorado do Centro utiliza maioritariamente o castelán como lingua de comunicación nas súas actividades cotiás.

Emporiso, todo o profesorado do colexio Concepción Arenal posúe a competencia lingüística necesaria para desenvolverse con fluidez tanto oralmente como por escrito en lingua galega, mais cumpriría a posibilidade de reforzar a súa formación con cursos de actualización e especialmente con achegas de bibliografía sobre terminoloxía e sobre planificación lingüística. Na comunicación non formal entre os membros do claustro conviven con total normalidade as dúas linguas cooficiais.

A actitude do profesorado alenta o uso da nosa lingua nos contextos formais, participando nas actividades que se leven a cabo no colexio para fomentar o seu uso e, como pode comprobarse na páxina web, tamén nas distintas bitácoras do noso Centro.

c. SITUACIÓN DO ALUMNADO.

O alumnado, como xa quedou sinalado previamente, exprésase maioritariamente en lingua castelá. Resulta pouco significativo o número de alumnas e alumnos que adoitan expresarse en lingua galega, mais temos constatado que en situacións comunicativas nas que se emprega o galego como vehículo de comunicación –excluíndo as que se producen no transcurso das sesións daquelas materias que se imparten en lingua galega– o alumnado que tamén emprega o galego para intervir pode representar algo máis dun terzo do total.

No caso de alumnado procedente doutros países como no de aquel procedente doutras comunidades, o primeiro obxectivo polo que respecta á lingua galega, será o de dotalos das estruturas lingüísticas e comunicativas necesarias para que empreguen correctamente o galego, sen deixar de lado o recoñecemento e valoración da súa lingua propia e da súa bagaxe cultural.

d. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

Dende a comunidade educativa adóptase a lingua galega como principal medio de comunicación, tanto a nivel interno (programacións, actas, docencia,...) como de cara ao exterior (documentacións que se envían, publicacións, comunicacións con empresas, administracións,...).

A lingua galega emprégase na documentación administrativa do centro, tamén é a utilizada para rotular os diferentes espazos do edificio, nas notas informativas dos taboleiros, nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións.

O persoal non docente, coidadoras, conserxe e administrativa, utiliza habitualmente a lingua galega. Os pais e nais que integran a ANPA e os representantes dos pais no Consello Escolar do centro utilizan en maior medida o castelán, incluso nas comunicacións que realizan por escrito aos alumnos e as alumnas do centro.

2. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS.

Cada proxecto que se elabore leva implícita a presentación dunha serie de obxectivos que deberán lograrse a partir das estratexias que se deseñen para a súa consecución. Os obxectivos que queremos presentar para o uso e fomento do galego no noso Centro para o presente curso divídense en: obxectivos de carácter xeral e obxectivos específicos.

3. OBXECTIVOS XERAIS.

Propomos neste apartado os que se converten en marco das actuacións que realizamos durante todo o curso:

1. Aplicar no Centro os principios xerais que se recollen no plan de normalización.
2. Contribuír a eliminación de prexuízos en contra do galego e acadar actitudes positivas cara a lingua galega.
3. Prestixiar o galego como idioma vehicular.
4. Prestixiar o galego como idioma propio dunha cultura.
5. Fomentar a consideración positiva da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

1. Promover o incremento do uso oral e escrito do galego por parte dos membros da comunidade educativa, incidindo na especial responsabilidade do profesorado no proceso de valoración da lingua por parte da comunidade educativa.
2. Animar ao profesorado a que procuren instrumentos didácticos en galego.
3. Promover campañas de sensibilización, aproveitando as actividades promovidas polo equipo, dirixidas aos demais membros da comunidade educativa.
4. Colaborar co *Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)* para aproximarnos a educación ambiental en lingua galega.
5. Colaborar coa organización non governamental *Stop Accidentes* para promover actividades de seguridade viaria en lingua galega.
6. Participar nas actividades promovidas pola *Asociación de comerciantes Fernández Latorre Catro Camiños* incidindo na normalización do uso do galego.
7. Colaborar coa *Biblioteca Municipal Fórum Metropolitano* nas actividades que desenvolve.
8. Dispor de material axeitado ao longo do curso para as diferentes actividades desenvolvidas.
9. Incorporar nas programacións anuais a cultura, historia, xeografía, literatura, arte e folclore galegos.
10. Implicar ao alumnado nas actividades que se programen.
11. Contribuír a eliminar a inseguridade ante a oralidade en galego e, de ser o caso, os prexuízos.
12. Fomentar a lectura de libros en galego e difundir en colaboración coa biblioteca as novidades editoriais de autoras e autores en lingua galega.
13. Rotular as dependencias do centro con carteis en galego, inglés e pictogramas.
14. Continuar coa elaboración e divulgación da revista do equipo de dinamización lingüística *Catro Camiños*.
15. Consolidar a competencia plena en galego garantindo que non se abandone na práctica oral.
16. Proponer actividades que melloren as competencias e actitudes lingüísticas da comunidade educativa (campañas publicitarias, exposicións, celebracións), en colaboración cos diferentes coordinadores e co equipo da Biblioteca.
17. Diseñar estratexias convenientes e os medios axeitados para o funcionamento do equipo de dinamización, así como diseñar actividades efectivas para conseguir a participación de docentes e alumnado, proponendo traballos axeitados para acadar unha actitude positiva cara a nosa lingua.
18. Procurar que se cumpra a lexislación vixente en canto ás materias impartidas en galego e tamén nas tarefas de organización, administración e xestión do centro.

5. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS

As actividades que se detallan a continuación están planificadas en función dos obxectivos previamente citados e en consonancia, como xa foi indicado, co Proxecto Lingüístico do Centro. Algunhas destas actividades responden ao desenvolvemento de varios obxectivos, de xeito que a relación entre os dous elementos é aberta e flexíbel de cara a acadar a mellor adaptación posíbel as necesidades e características do noso Centro.

- Dende o Equipo de Dinamización Lingüística propónse para o presente curso como **proxecto científico**, e de longo percorrido, **en galego** o achegamento a **nosa flora, fauna e paisaxe costeira**. Cada aula afondará en diversas especies durante o primeiro trimestre e co material recompilado elaboraranse enredos, actividades e paneis para empregar no Centro e dalos a coñecer participando no *Día da Ciencia na Rúa* (A Coruña) baixo o lema de Ciencia en Galego.
- **Actividades propostas por todos os ciclos** ao longo do curso como complemento ao currículo como por exemplo, saídas didácticas a concertos, teatro en galego, museos,... Estas saídas traballaránse, con antelación, dende a aula e cos distintos membros da comunidade educativa para que colaboren e participen na súa realización.
- **Coñecemento e aplicación de novas tecnoloxías** en traballos de investigación, con fins lúdicos ou culturais (emprego de ordenadores, impresión de traballos, presentacións multimedia, busca e selección de información en internet, consulta de páxinas web, manexo da lousa dixital,...).
- **Continuación e mantemento da bitácora de dinamización lingüística** do Centro.
- **Difusión de xogos populares e fomento da súa utilización** entre os grupos de alumnos/as, nos recreos e momentos de lecer, para conseguir uns hábitos de xogo compartido, fomento da cooperación e coñecemento da tradición.
- Dende o Equipo de Dinamización Lingüística promoverase o emprego de materiais audiovisuais en galego como curtametraxes, documentais, animación, etc, durante todo o curso escolar; buscando achegar ao alumnado a lingua galega de forma positiva a través destes recursos.
- **Preparación e participación en conmemoracións** sinaladas e festas propias da Comunidade que presentamos a continuación organizadas arredor de centros de interese e planificadas no tempo.

Outubro e novembro: tempo de outono.

1. Confección de murais de aula coa práctica participación de todo o alumnado dos distintos ciclos e niveis.
2. Aprendizaxe de adiviñas, refráns, poemas, etc., relacionados co outono.
3. SAMAÍN:
 - ◆ Presentación e busca de información do Samaín: orixe, crenzas, tradicións, influencia, actualidade, ...
 - ◆ Decoración e exposición de cabazas.
 - ◆ Merendas terroríficas.
 - ◆ Ambientación das aulas, corredores e biblioteca.
 - ◆ 6ª edición do concurso: «CONTOS QUE METEN MEDO».
 - ◆ Cancións, conxuros e feitizos.
 - ◆ Compilación e difusión de recursos dixitais para imprimir.

- ♦ Actividade promovida polo Instituto Galego do Consumo e da Competencia «UN SAMAÍN LIBRE DE MEDOS».
4. Preparación e celebración do día do peón arredor do 11 de novembro para dar a coñecer este e outros xogos populares galegos e promover a súa práctica.
 5. MAGOSTO: Realización de actividades por parte dos titores relacionadas coas tradicións en relación a esta celebración galega.

Novembro: traballamos arredor do Día Internacional contra a violencia de xénero.

1. Seguimento da campaña *Non á violencia de xénero*.
2. Elaboración de carteis.
3. Emprego de recursos dixitais como a elaboración dun vídeo que ten como obxectivo concienciar contra este problema.

Decembro: tempo de Nadal.

1. Recollida dos materiais elaborados no **proxecto flora, fauna e paisaxe costeira**.
2. Coñecemento e preparación de panxoliñas en educación Infantil e en educación Primaria (coa colaboración da profesora de Música e Danza).
3. Organización do concurso de tarxetas para seleccionar as que representarán ao Centro na súa felicitación oficial (unha de educación Infantil e outra de educación Primaria).
4. Coñecemento da figura do Apalpador.

Xaneiro: celebración do Día da Paz.

1. **En coordinación cos equipos de actividades extraescolares e biblioteca** deseñaremos actividades relacionadas co día da Paz con noticias alusivas á Paz e a non violencia. Deste xeito o día 30 de xaneiro enviaremos a nosa mensaxe Pola Paz.
2. Organización de proxeccións para todos os niveis con temas axeitados ao momento e á celebración da Semana da Paz.

Febreiro : celebración do Entroido.

1. Sumándonos ao proxecto do equipo de Biblioteca dedicado ao Entroido Tradicional Galego o alumnado investigará e buscará información na biblioteca e tamén en Internet arredor das diferentes celebracións do Entroido galego, é dicir, sobre os lugares, personaxes, costumes, tradicións e gastronomía.
2. Elaboración dun libre de receitas con produtos típicos de Entroido que quedará na biblioteca do Centro.
3. Elaboración de máscaras confeccionadas por todo o alumnado de Infantil e Primaria e exposición das mesmas polos corredores.
4. Mandados para a semana do 5 ao 9 de febreiro co obxecto de que a comunidade educativa vaia introducíndose nesta celebración.
5. Desfile polos arredores do Centro con disfraces vinculados ao Entroido tradicional.

Febreiro: conmemoración do Día de Rosalía.

1. Cancións e recitado dos seus poemas.

2. Actividades encamiñadas a poñer en valor e recoñecer a súa figura, referente fundamental da nosa lingua e da nosa cultura, como persoa comprometida coa fala, con Galiza e como muller libre.
3. Obradoiros de poesía. Lectura de poemas.
4. Realización de murais coa imaxe de Rosalía e os seus poemas.

Marzo: semana da Muller.

1. Traballo de mulleres relevantes e importantes na historia. Poñeremos en valor figuras relevantes en diferentes ámbitos.
2. Realización dunha ruta polo barrio co alumnado de sexto curso de Primaria baixo o título *O Barrio en Feminino*. Esta actividade é unha adaptación da ruta realizada no seu día en colaboración coa *Asociación de Veciñas e Veciños Oza, Gaiteira, Os Castros*.

Marzo: semana da prensa.

1. Daremos a coñecer aos alumnos/as diarios, seminarios e revistas, tanto en papel como dixitais, que escriban exclusivamente en lingua galega.

Marzo: día da poesía.

1. Realización de obradoiros de poesía.

Abril: día das Artes Galegas.

1. Exposición dos materiais xa elaborados do **proxecto flora, fauna e paisaxe costeira**.
2. Pase do documental «Esquece Monelos» coa súa directora Ángeles Huerta.

Abril de libros.

1. Celebración, o día 23 de abril, do Día do libro en colaboración coa biblioteca do centro.
2. Escritura de contos, ben dun xeito individual ou tamén colectivo, co formato que os propios alumnos/as elixan.
3. Exposición nos corredores da primeira planta de libros actuais de todos os xéneros literarios, do fondo da biblioteca do centro.

Maiο: Día da Ciencia na Rúa.

1. Participación nesta celebración co noso proxecto **Ciencia en Galego sobre flora, fauna e paisaxe costeira**.

Maiο: Semana das Letras galegas.

1. Preparación de varias unidades didácticas con propostas concretas para realizar polas aulas, traballando algún aspecto da vida e obra da autora homenaxeada en 2024 no Día das Letras Galegas: Luisa Villalta (A Coruña, 1957-2004).
2. Lectura de textos adaptados arredor de Luisa Villalta.
3. Charlas sobre a autora homenaxeada.
4. Posibilidade de lecturas públicas en distintos lugares da zona.

Maiο: Cinema.

1. Participación na Mostra de Cinema Periférico [S8] XV. En colaboración coa organización desta Mostra o alumnado de 5º e 6º de Primaria participará na proxección e coloquio dunha serie de curtametraxes.

6.ACTIVIDADES PROPOSTAS EN RELACIÓN AOS OBXECTIVOS RELACIONADOS COA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

✓ **Actividade: Comunicación ás familias.**

Comunicacións aos pais/nais en lingua galega.

✓ **Actividade: Revista escolar.**

A revista escolar en galego *Catro Camiños* distribuírase a toda a comunidade educativa dende a páxina web do Centro.

✓ **Actividade: Bitácora do Equipo “Mellor en galego”**

A bitácora do Equipo ten como obxectivo difundir a toda a comunidade educativa as nosas actividades e propostas.

✓ **Actividade: Venres da Fala.**

Cos obxectivos de sensibilizar sobre a precaria situación da lingua galega no noso centro e de preservar e revitalizar ao uso da lingua falada, tanto o profesorado como o alumnado adquirirán o compromiso de falar os tres primeiros venres do mes de maio en galego.

3.16.- Addenda do Proxecto Lingüístico

Segundo o establecido no decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo número 14.3 o proxecto lingüístico do centro deberá ser remitido aos servizos de inspección educativa cada catro anos. Por outra banda e segundo o indicado no artigo 14.4, cada ano os centros educativos deben elaborar unha addenda que se engadirá ao Proxecto Lingüístico do centro, no cal se incluírán entre outros aspectos o resultado da enquisa ás familias sobre a lingua materna do alumnado de educación infantil e as actividades levadas a cabo e propostas para a dinamización da lingua galega. Segundo estas indicacións e contemplando as indicacións realizadas pola administración ao respecto no presente curso, elaboramos a seguinte “addenda” correspondente ao curso 2019-2020.

Atendendo aos resultados obtidos da enquisa enviada ás familias sobre cal era a lingua materna do neno ou nena, o resultado obtido foi maioritariamente o castelán. Polo tanto, a lingua vehicular será o castelán, fomentárase de igual xeito o galego, nas mesmas condicións para que adquiran as competencias básicas en ambas as dúas linguas.

Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte. Ao longo do curso pasado, así como en cursos anteriores, leváronse a cabo diferentes actividades para o fomento e dinamización da lingua galega, moitas delas dentro das “axudas para os equipos de dinamización da lingua galega” convocadas anualmente, e que están detalladas polo miúdo tanto no Proxecto como na Memoria elaborada polo Equipo para a dinamización da lingua galega. En todo caso, teremos en conta as propostas de mellora do curso pasado entre as que se atopan a proposta de actividades que permitan una maior participación por parte tanto do alumnado coma das familias, pretendendo o fomento dunha maior participación de toda a comunidade educativa nas actividades organizadas polo EDLG. Así mesmo, programaremos as actividades e a súa duración de xeito que resulten atractivas e non se superpoñan (na medida do posible) Convén subliñar, non obstante, que as actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega para este curso escolar están detalladas no correspondente apartado desta programación.

Esta addenda será incluída no proxecto lingüístico do centro, sendo informada a Comunidade Educativa do seu contido e remitida aos servizos de inspección nos prazos legalmente establecidos.

3.17.- Plan do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

As función deste equipo recóllense no artigo 75 do Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria (D.O.G. do 21 de Outubro de 1996).

1. COMPOÑENTES DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

NIVEL	REPRESENTANTES
EDUCACIÓN INFANTIL	<ul style="list-style-type: none">● Miriam Sedes López
1º e 2º curso de Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none">● Itziar Fernández Martínez (Coordinadora primeiro ciclo)● M. Teresa González Bello● Natalia García López● Lucía Iglesias Piñeiro● Rosa Quiza Varela● Diego Bouza Padín (Coordinador do EACE)
3º e 4º curso de Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none">● Bea Soto Enríquez (Coordinadora segundo ciclo)
5º e 6º cursos de Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none">● Miguel Martínez Martínez (Coordinadora tercer ciclo)

2. ORGANIZACIÓN DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este equipo reunirse un luns de cada mes de 17:00h a 18:00h (segundo calendario) Así mesmo, o coordinador terá unha reunión mensual coas coordinadoras dos Equipo de Biblioteca e o do Equipo de Dinamización Lingüística para coordinar as actividades.

CALENDARIO DE REUNIÓN	
6 de Setembro	<ul style="list-style-type: none">● Constitución● Propostas de obxectivos para a PXA
18 de Setembro	<ul style="list-style-type: none">● Confirmación das saídas propostas polos distintos cursos.● Información sobre novas saídas ofertadas ao centro
23 outubro	<ul style="list-style-type: none">● Proposta actividades día da buxaina/peón.● Proposta actividades día Internacional contra a Violencia de Xénero.
13 de Novembro	<ul style="list-style-type: none">● Proposta de actividades para celebrar o Día da Discapacidade● Proposta de actividades para celebrar o Día da Paz

8 de Xaneiro	<ul style="list-style-type: none"> ● Proposta de actividades para o segundo trimestre
19 de Febreiro	<ul style="list-style-type: none"> ● Proposta de actividades para celebrar o Día da Muller Traballadora
4 de Marzo	<ul style="list-style-type: none"> ● Proposta de actividades para celebrar o Día do Libro
15 de Abril	<ul style="list-style-type: none"> ● Proposta de actividades para celebrar a Semana das Letras Galegas
13 de Maio	<ul style="list-style-type: none"> ● Memoria final das actividades levadas a cabo durante o curso escolar.

3. COMEMORACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Tendo en conta o calendario escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

Conmemoracións	Día Infancia	20 Novembro/2023
	Día Intern. Contra violencia de xénero	25 Novembro/2023
	Constitución/Estatuto	28 novembro/2023 5 Decembro/2023
	Día Internacional	3 decembro/2023
	Declaración DD.HH	10 Decembro/2023
	Día Internacional da Educación	24 xaneiro/2024
	Día da Paz	30 Xaneiro/2024
	Día Rosalía de Castro	23 Febreiro/2024
	Día Internacional da Muller	8 Marzo/2024
	Dereitos Consumidor	15 Marzo/2024

	Prensa (1 día con xornais)	4 -8 Marzo/2024
	Día da Artes Galegas	1 Abril/2024
	Día Mundial da saúde	7 abril/2024
	Semana do Libro	Entre 22 – 26 de Abril/2024
	Día Internacional contra acoso	2 maio/2024
	Día de Europa	9 Maio/2024
	Semana Letras Galegas	13 – 17 Maio/2024
	Día Mundial do Ambiente	5 Xuño/2024

Celebraranse todas elas nas aulas de xeito particular en cada titoría, aínda que algunha delas se poida facer a nivel de centro

4. ACTIVIDADES-TALLERES-VISITAS-EXCURSIÓNS.

<u>E INFANTIL</u>	Non se prevé ningunha saída fora do centro escolar.
<u>1º E 2º DE E. P.</u>	<ul style="list-style-type: none"> ● Saídas e actividades ofertadas polo Concello , asociacións, empresas ...que permitan a consecución dos obxectivos propostos. ● Saída O Ventoso (20 xuño)
<u>3º e 4ª DE E.P</u>	<ul style="list-style-type: none"> ● Saídas e actividades ofertadas polo Concello , asociacións, empresas ... que faciliten a consecución dos obxectivos propostos. ● Zoolóxico Marcelle (17 junio) ● Visita A Cidade de María Pita (3º) ● Visita Castro Elviña (4º EP, segundo trimestre) ● Saída Museo Belas Artes (primer trimestre) ● Saída Praia Santa Cristina.

<u>5º E 6º DE</u>	<ul style="list-style-type: none"> ● Saídas ofertadas polo Concello , asociacións, empresas...
<u>E. P.</u>	<ul style="list-style-type: none"> ● 5ª- A ruta da auga. Visita planta potabilizadora (marzo) ● 6º CEIDA- Visitas e saída Fragas do Eume (21 marzo) ● Itinerarios Concello “A Coruña, plaza fuerte del Reino de Galicia”

5. **FESTAS, CELEBRACIÓNS E EFEMÉRIDES.**

OBXECTIVOS:

- Acercar a escola ao entorno.
- Recuperar parte da nosa cultura e tradicións.
- Concienciar sobre a situación social actual.
- Proponer actividades a nivel de aula ,nivel... para traballar as diferentes conmemoracións.
- Facilitar recursos e materiais para as celebracións de obrigado cumprimento.
- Coordinar as actividades e celebracións cos diferentes Equipos do Centro. (DLG e Biblioteca)
- Informar ao alumnado e familias actividades externas ao Centro que poidan ser do seu interese.

● **CELEBRACIÓNS:**

- o Dia das bibliotecas escolares (24 de outubro):
 - Entrega das mochilas viaxeiras
 - Inauguración das bibliotecas de aula
- o O Samaín (do 25 ao 29 de Outubro):
 - Coñecemento da tradición
 - Murais
 - Certame “Contos de medo”
 - Exposición de cabazas
 - Ambientación de espazos
- o O Magosto:
 - Actividades de aula en torno á castaña
 - Traballo sobre o outono
 - Exposición de traballos con materiais de outono e de refugallo
 - Xogos populares. “DÍA DO PEÓN”
- o Nadal:
 - Confección de tarxetas de Nadal
 - Concurso de tarxetas de Nadal
 - Recollida de alimentos para colaborar coa labor do “Banco de Alimentos”
- o Día da Paz:
 - Murais

- Celebración conxunta
- o Entroido:
 - Actividades de aula
 - Confección e exposición de caretas
 - Festival de Entroido
- o Día da Muller
 - Murais
 - Actividades varias
- o Día da poesía:
 - Composición de poemas
 - Exposición das poesías
 - Audicións de poesías
- o Semana do Libro:
 - Presentación dos traballos de investigación relacionados co PDI
 - Cántame un conto
- o Letras galegas:
 - Murais, marcapáxinas sobre o autor.
 - Traballos de investigación
 - Publicación da revista escolar
- o Día do Medioambiente:
 - Coñecemento da contorna
- o Fin de Curso:
 - Celebración do fin de curso nas aulas
 - Entrega de orlas ao alumnado que remata etapa
 - Mostra de actividades extraescolares

3.18.- Plan do Equipo de Plurilingüismo

1.- Os compoñentes do Equipo de Plurilingüismo son:

- Natalia García (1º nivel)
- Itziar Amaya Fernández Martínez (2º nivel e 3º nivel)
- Manuel González Crespo (3º nivel e 4º nivel)
- Miguel Martínez Martínez (5º nivel)
- Mº Belén Arca Domínguez (6º nivel)

Auxiliar de conversa: Melanie Claire Lafountain Lipscomb

Coordinadora: Ana Rodríguez Domínguez

O Equipo reúne-se a lo menos unha vez ao mes para deseñar proxectos, traballos e actividades e compartir experiencias dos traballos xa realizados. Ademais, unha vez por semana, a coordinadora e a Auxiliar tamén se reúnen.

2.- O Equipo de Bilingüismo traballa co alumnado dos seis niveis de Primaria.

3.- A Avaliación basearase na observación e notas do profesorado durante as clases. Non haberá unha proba específica ao respecto. Aínda que as clases sexan en lingua inglesa, a nota fará referencia sempre á área de Plástica.

4.- Os obxectivos últimos deste Equipo son a **motivación**, a **normalización** e uso da lingua inglesa fora da clase de inglés e o **fomento da creatividade** a través da expresión artística.

Pensamos que a motivación xoga un papel moi importante á hora de aprender, e aínda máis se se trata da adquisición dunha segunda lingua, na que non falamos exactamente de aprender senón de adquirir.

A normalización do uso desta segunda lingua fai que a adquisición sexa paulatina e case que automática, instintiva e involuntaria, padecendo así o alumnado ningún tipo de stress.

O fomento da creatividade é un obxectivo indiscutible xa que defendemos que a creatividade é o motor da aprendizaxe ademais de amosar ao alumnado camiños de expresión diferentes e gratificantes.

5.- As actividades responden á seguinte secuenciación:

- 1. Actividades de iniciación-motivación.
- 2. Actividades de desenvolvemento.
- 3. Actividades de consolidación.
- 4. Actividades de apoio ou reforzo.
- 5. Actividades de ampliación.

As actividades amosan ao alumnado o camiño da arte como expresión, preséntanse autores e obras de arte, trátanse temas interdisciplinares (sociais e naturais), o traballo en equipo, a intercultura (a través das festividades dos países de fala inglesa)...

No seu desenvolvemento xoga un importante papel a nosa auxiliar, que sempre introduce os contidos a tratar nas actividades de maneira lúdica e comprensible para o alumnado, axudándose de material audiovisual, así como prestándolle atención individualizada a quen a puidera precisar.

6.- O Equipo de Bilingüismo está estreitamente ligado á realidade cotiá do centro. Colabórase cos outros Equipos, especialmente co de Biblioteca e Normalización, o eixo dos equipos do centro. Neste ano, como o ano anterior, a partires do segundo trimestre as actividades dos Mestres de Plástica Bilingüe estarán directamente relacionadas coa temática do Proxecto de Biblioteca, O Mar. Tamén colaboramos co Equipo de Actividades Complementarias, organizando visitas a museos da cidade de A Coruña (MAC, Belas Artes e a fundación M^a Xosé Jove) e traballando na aula as obras alí expostas.

Xunto co Departamento de Inglés, facemos partícipe a todo o centro das festividades do mundo de fala inglesa (*Halloween, Thanksgiving, Shrove Tuesday...*). Entre todos elaboramos un panel conmemorativo dunha festividade, incidindo na celebración de carácter inclusivo e de comunicación de valores como a solidariedade, a empatía ou a xenerosidade. Neste ano 2023-2024 esperamos afondar máis no traballo con materiais de refugallo, aspecto que xa tratamos o ano pasado. Xunto con outros Departamentos, intentaremos visibilizar o mal estado da Natureza e converteremos materiais de refugallo en arte.

3.19.- Concreción anual do Plan Xeral de Atención a Diversidade

1.- Composición do departamento de orientación

Segundo se establece na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da CCAA de Galicia e se regula a orientación educativa e profesional o departamento de orientación do CEIP Plurilingüe Concepción Arenal estará composto, para o presente curso 2023-2024, polos seguintes membros:

Xefa do departamento: Shyra Flecha Conde
Coordinadora de educación infantil: María López Baldomir
Coordinadora de 1º ciclo: Itziar Fernández Martínez
Coordinadora de 2º ciclo: Beatriz Soto Enriquez
Coordinador de 3º ciclo: Miguel Martínez Martínez
Mestra de pedagogía terapéutica : Susana Freire Aneiros
Mestra de pedagogía terapéutica: Nuria Pereira Fontán
Mestra de pedagogía terapéutica : Sandra Carballeira Pernas
Mestra de audición e linguaxe: Inés Fernández López
Mestra de audición e linguaxe: Teresa González Bello
Mestre de audición e linguaxe: Jesús Espasandín López

As **funcións** do departamento e da xefa do mesmo, veñen descritas no devandito decreto e na Orde que o desenvolve.

2.-Contexto escolar

O CEIP Concepción Arenal é un centro de liña dous, que ten 6 unidades de educación infantil e 13 de primaria. Están escolarizados actualmente 424 alumnos, dos que 128 pertencen á etapa de Educación Infantil e 296 a Primaria. O número de profesores con destino no centro no curso actual é de 34.

Desde hai varios cursos, foi designado pola Administración educativa como centro preferente para a escolarización de alumnos con discapacidade motora.

3.-Recursos materiais

Accesibilidade boa ao centro, con transporte adaptado, a todas as dependencias se accede polo ascensor (centro sen barreiras arquitectónicas).

Algunhas aulas do centro son de menores dimensións, entón nos agrupamentos do alumnado terase en conta, aquel alumnado NEAE ou NEE que polas súas características de mobilidade, inquietude, hiperactividade...etc, necesite máis espazo na aula para conquistar unha escolarización máis axeitada a convivencia da mesma.

Este curso contamos cunha pequena sala multisensorial. Este espazo foi deseñado especialmente para controlar os estímulos sensoriais, incluíndo o son, a luz, o olor, o tacto, a temperatura e o espazo. Solicitamos o equipo multisensorial e será utilizado para estimular os sentidos, promover sensacións prazenteiras e sensacións de benestar, con obxectivos terapéuticos.

Os espazos para atender a varios alumnos/as nas aulas de PT e AL son reducidos, polo que procuramos que os agrupamentos sexan máximo de tres alumnos/as.

4.-Recursos persoais

- Mestras especialistas en pedagogía terapéutica (3) e audición e linguaxe (3).
- Persoal auxiliar técnico educativo (3)
- Servizos de orientación (Departamento de Orientación/ EOE)
- Coordinación con outros servizos externos ó centro (atención temperá, rehabilitación, fisioterapia, logopedia, centros cívicos, etc.)

Este curso no centro están matriculados con discapacidade motórica: unha alumna en primaria. Temos alumnado de educación infantil e/ou primaria que complementan a escolarización ordinaria coa asistencia a servizos sanitarios de Atención Temperá do Servizo Galego de Saúde, ONCE, ASPANAES.

Temos unha alumna en escolarización combinada co CEE Nª Sra. Do Rosario.

Ademais da referida especialización do centro en alumnado con discapacidade motora, acolle alumnado procedente do estranxeiro (próximo a un 1%). Á marxe dos alumnos con discapacidade motórica, hai numerosos casos con necesidades permanentes (8 alumnos/as de trastorno de espectro autista, 4 de trastornos xeneralizados do desenvolvemento, 2 alumnos de déficit intelectual severo, 2 alumnos de Síndrome Negativista Desafiante e trastorno de conducta, 5 con TDAH ou TDA...) e tamén alumnado de necesidades especiais transitorias, asociadas á historia persoal e a condicións sociais e culturais desfavorecidas, entre outras. Polo tanto, a gran diversidade e heteroxeneidade do alumnado tradúcese en grupos complexos, con competencias curriculares e niveis académicos moi diferentes.

Rasgos das familias

A maioría das familias do alumnado teñen un nivel baixo ou medio de estudos e aumenta progresivamente os que teñen estudos medios ou universitarios. Con respecto ao tipo de traballo das familias temos: traballadores por conta allea, que son a maioría; traballadores autónomos e funcionariado.

5.-Organización do departamento de orientación para a atención ao alumnado n.e.e. e Atención á diversidade. Información aos titores e profesorado en xeral

En relación á *atención do alumnado N.E.E. e con necesidade específica de apoio educativo, NEAE* cómpre informar do seguinte:

1.- Para o establecemento das medidas organizativas relativas ós apoios deste alumnado estase tomando como referencia o documento elaborado pola orientadora a finais do curso pasado, que recolle os casos, prioridades e estimación de tempos, segundo as avaliacións e informes do departamento ata o final do curso 2022-23. Incluír tamén ao alumnado de nova incorporación con informes doutros centros e incluso alumnado estranxeiro. A heteroxeneidade e cantidade do mesmo obriga a unha certa provisionalidade nos horarios, sobre todo o primeiro trimestre, especialmente nos casos de alumnado de nova incorporación, que require dun período de adaptación, avaliación inicial, e de posibles flexibilizacións da xornada lectiva.

2.- Avaliación inicial.

Independentemente da previsión anterior, durante este primeiro mes do curso cómpre realizar a avaliación inicial, na que debe terse en conta a información obtida da avaliación final do curso anterior, a revisión dos expedientes, historiais académicos, informes, etc. Este curso especialmente determinante, conforme a normativa, que conleva o levantamento de actas.

Debe avaliarse a competencia curricular e deseñar a resposta educativa máis axeitada, tendo en conta a diversidade e os casos con neae.

Durante este período poden ser detectadas necesidades non identificadas anteriormente.

3.- Organización dos apoios e establecemento de medidas curriculares.

Unha vez definida a relación de alumnado proposto, é función da xefa do departamento de orientación coordinar, en colaboración coas mestras de apoio, a proposta de organización deste alumnado, tomando en consideración factores como:

- Necesidades dos alumnos.
- Disponibilidade horaria do profesorado de apoio (PT ou AL)
- Modalidade de apoio: individual (na aula ordinaria ou fóra), compartido (dentro da súa aula ou fóra), posibilidade de agrupamentos homoxéneos segundo o nivel...

Por razóns de operatividade, a organización terá un carácter provisional e reversible, supeditado a aparición de novas necesidades ou a revisións como resultado dos seguimentos. Polo tanto, non se trata dun modelo pechado, que prive de dar respostas a novas situacións, sobre todo, tratándose dun centro moi permeable en canto á incorporación de novo alumnado. Non obstante, o elevado número de alumnado con necesidades permanentes e discapacidade, ten prioridade sobre *alumnado de reforzo educativo*, polo que a atención destes quedará ao criterio das titorías, mestres/as de área e/ou apoios do profesorado con disponibilidade horaria. No caso de alumnado procedente do estranxeiro, existe a posibilidade de solicitar apoio escolar, dentro do horario lectivo do centro co Programa Acompaña.

A proposta de organización da docencia deste *alumnado de reforzo educativo* será elevada ao Xefe de Estudos, e tamén as eventuais modificacións.

4.- Coordinación e seguimento

Desde o servizo de orientación tratarase de procurar a maior información posible sobre cada un dos casos diagnosticados, segundo prioridades e disponibilidade horaria, para o que se manterán entrevistas con titores, mestras de apoio, familias e calquera outro profesional que poida achegar información relevante.

Para este curso, están previstos tempos semanais, fóra do horario lectivo (os luns a primeira hora da tarde), co fin de coordinar actuacións relacionadas co ámbito de atención á diversidade, seguimento das ACS e seguimento das necesidades educativas especiais.

5.-Solicitudes de intervención da orientadora.

O titor/a pode solicitala para un novo caso cando, ó seu xuízo, e *despois de esgotar outras medidas*, considere a necesidade da mesma. Tamén para actualizar ou revisar algún caso con informe psicopedagóxico, do que non se fixera seguimento recentemente e se advertisen cambios ou novidades que xustifiquen unha actualización do caso.

6.- **As demandas de intervención** canalizaranse a través da Xefatura de estudos, por medio do formulario (**solicitud de intervención**) que se xunta, que á súa vez achegará á Xefa do departamento. Serán atendidas tendo en conta criterios de prioridade segundo a natureza dos casos e a disponibilidade horaria. Na solicitude de intervención concretarase a demanda de forma sintética. Posteriormente será a orientadora a que estimará a necesidade de que o titor cumprimente ou non o correspondente *documento de intervención*, que inclúe información variada: datos persoais, antecedentes, rendemento académico ou aplicación de medidas anteriores.

Por último, cómpre recordar que os membros do departamento (PT e AL) forman parte dos equipos docentes de ciclos, están en contacto permanente coas titorías do alumnado cos que traballan, e por tanto,

poden trasladar información do alumnado, así como informar ós membros do equipo daqueles aspectos que lles afecten ou sexan de interese na toma de decisións.

6.-Xustificación

A concreción do Plan de Atención á Diversidade será o instrumento que guíe a nosa planificación anual das medidas educativas de atención á diversidade no centro, no marco da Programación Xeral Anual. A partir do mesmo, daranse respostas axustadas ás necesidades de todo o alumnado, e en particular aos de necesidades educativas específicas, co fin de asegurar o dereito individual a unha educación de calidade.

7.-Concreción das actuacións baseadas nos obxectivos do plan xeral de atención á diversidade

- ✓ Servir de referente para que o centro poida concretar anualmente o axuste da resposta educativas necesidades que presenta o alumnado.
- ✓ Ser o instrumento que facilite ao centro planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que dispón.
- ✓ Guiar a concreción de criterios para priorizar a resposta educativa á diversidade dentro da aula (medidas de adaptación curricular e de flexibilización organizativa) ou, de forma complementaria fora da aula a través da acción coordinada do departamento de orientación, acción tutorial, profesorado, titor, profesorado de reforzo, profesorado especialista.
- ✓ Establecer medidas e pautas a seguir para a acollida do alumnado que descoñece as linguas oficiais. (Plan de Acollida)
- ✓ Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso.
- ✓ Guiar a avaliación interna da eficacia da Atención á Diversidade ao finalizar o curso escolar e identificar os aspectos no curso seguinte.
- ✓ Ofrecer unha resposta educativa individualizada e atender ás necesidades recollidas nos informes.
- ✓ Permanente revisión e avaliación para atender os casos de maior necesidade.

8- Procedemento

- 1.- Detección das necesidades educativas especiais dos alumnos e alumnas na aula aténdose ás dificultades para seguir o proceso de aprendizaxe.
- 2.- Formalización da demanda de Avaliación Psicopedagóxica por parte do titor ou titora, segundo formulario do D.O, previa autorización expresa da familia.
- 3.- Remisión da solicitude ao Xefe de Estudos correspondente para o seu coñecemento e de aquí ao D.O. co fin de planificar a avaliación.
- 4.- Realización da avaliación psicopedagóxica polo D.O. se o considera pertinente e remisión do informe correspondente a titor/ titora, Xefatura de estudos e familias.
- 5.- Planificación das medidas educativas e aplicación destas pola titoría e o equipo docente coa colaboración do D.O. e equipo directivo.
- 6.- Seguimento, revisión e avaliación do programa adaptado.

Criterios de prioridade para a valoración de alumnos e alumnas derivados ao Departamento de Orientación.

O alumno ou alumna para quen se presentase a correspondente DEMANDA DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA será atendido, na medida que o permita o conxunto de obrigas da Xefa do Departamento de Orientación, segundo os seguintes criterios de prioridade:

1. Alumnado para o que sexa necesario realizar a Avaliación Psicopedagóxica nos prazos establecidos (alumnado con necesidades educativas previamente diagnosticadas que precisen de revisión por cambio de etapa, alumnado susceptible de ser proposto para modificar o seu período de escolaridade obrigatoria, alumnado trasladado de outros centros, xa diagnosticado e plantexadas as medidas pertinentes, etc.)

2. Alumnado que expresamente indicado pola Xefatura de Estudos, concorran neles determinadas circunstancias que demanden urxencia na súa valoración ou atención.

3. Alumnado para os que sexa necesario solicitar flexibilizacións do período de escolarización na etapa de Educación Infantil (EI), en calquera ciclo da etapa de Educación Primaria, co informe de estimación do D.O. e coas autorizacións que proceden.

9.-Medidas ordinarias de atención á diversidade

Medidas curriculares

Son distintos graos de normalización que van dende a concreción das intencións educativas, en función das necesidades do alumnado, plasmadas na organización e desenvolvemento das programacións didácticas, ás adaptacións curriculares, a organización da opcionalidade e a acción tutorial.

Programacións didácticas temporalizadas (diaria, semanal, mensual, trimestral, anual ...)

Os equipos, nas súas programacións, incluírán consideracións sobre obxectivos e contidos, determinando aqueles que teñen unha maior potencialidade formativa e que son básicos e esenciais para seguir aprendendo, para desenvolver as capacidades incluídas nos obxectivos xerais da etapa e na adquisición das competencias básicas, de tal forma que se establezan claramente os "contidos mínimos" precisos para obter a cualificación de suficiente.

Ademais, un repertorio de actividades graduadas e diversificadas xunto a criterios, procedementos e estratexias de avaliación variadas e en consonancia co anteriormente exposto.

Igualmente calquera medida de flexibilización organizativa e agrupamentos que, tanto dentro da propia aula, coma en aulas diferentes e coa participación do profesorado especialista do nivel, que consideren oportunas.

O obxectivo disto é dispoñer dun marco de referencia claro e explícito para abordar a atención educativa de calquera alumno ou alumna con independencia da súa competencia curricular ou do ritmo de aprendizaxe que permita as súas capacidades.

Este traballo de selección de obxectivos, contidos, repertorio de actividades de ampliación ou de reforzo, agrupamentos e criterios de avaliación debe realizarse para un curso con posibilidade de introducir modificacións trimestralmente se así se considera oportuno a partir das avaliacións prescriptivas e deben concretarse nas programacións de cada ciclo.

Ademais será imprescindible a coordinación do conxunto de membros dos niveis para un correcto seguimento da programación nas áreas reforzadas, así como para a elaboración de materiais, probas, acordo de medidas de flexibilización organizativa tanto dentro coma fóra do aula,...

Reforzo educativo.

O noso Centro, en consonancia cos medios e a organización dos mesmos de que dispón, organizará reforzos e flexibilizacións, para aquel alumnado que presentan dificultades puntuais nalgunha área ou materia

do currículo, co fin de dispoñer de máis tempo, máis recursos e facer un seguimento máis personalizado, intentando deste modo o posibilitar que o alumnado alcance os obxectivos, sen necesidade de modificar substancialmente os obxectivos e contidos salvo nos casos que polas súas particularidades específicas o requiran.

Polo tanto, as ensinanzas que se impartan nesta modalidade de atención axustaranse ao currículo e ás programacións ordinarias, aínda que se centran fundamentalmente no esencial e básico das diferentes áreas, así coma das estratexias de aprendizaxe (primando as áreas curriculares instrumentais: linguas e matemáticas).

Como criterios xerais tenderase a que os reforzos en Educ. Infantil e Educ. Primaria sexan impartidos polo profesorado do mesmo nivel e que se manteñan no tempo para que o coñecemento e atención ao alumnado que se reforza, sexa exhaustivo e eficaz.

Isto terase en conta á hora de confeccionar os horarios, polo tanto, será ao finalizar a última sesión de avaliación de cada curso académico onde se determinará que alumnado é susceptible de recibir reforzo educativo para que a Xefatura de Estudos poida organizalos o curso seguinte.

Na sesión de avaliación inicial do seguinte curso determinarase finalmente os que deben incorporarse a estas actividades de reforzo. Neste mesmo senso, aseguraremos o profesorado necesario para levar a cabo os reforzos de xeito continuo e asegurar a súa eficacia.

Os reforzos poderanse realizar tanto dentro da aula ordinaria, modalidade que cremos máis oportuna para Educ. Infantil e primeiros cursos de Educ. Primaria, xa que permite ao alumnado manter o nexo co profesorado titor. Tamén fóra da aula, nos cursos elevados, en grupo pequeno ou de xeito individual, de estimarse que as dificultades así o requiren. A tarefa de coordinación e seguimento realizarase entre o profesorado implicado, a Xefatura de estudos e o D.O. que dinamizará e asesorará.

Realizarase o seguimento e valoración dos devanditos reforzos.

Medidas Ordinarias de resposta á diversidade do alumnado por parte do profesorado

É un listado orientativo que pode ser ampliado con todas aquelas medidas que cada profesor ou profesora considere oportuno. Todas elas son responsabilidade do profesorado que imparte cada área ou materia.

1.- Respecto á temporalización:

- Modificar o tempo previsto para o desenvolvemento da tarefa, para a adquisición dun contido...
- Acelerar / desacelerar a introdución de novos contidos.

2.- Respecto á metodoloxía e ás actividades:

- Establecer diferentes niveis de axuda dentro da aula. Desenvolver distintas técnicas instrucionais ou procedementos didácticos en función das dificultades.
- Diseñar actividades de aprendizaxe diferenciadas, con diferente grao de complexidade e afondamento en función do nivel do alumnado; formular actividades de reforzo, ampliación, síntese....
- Utilizar certas formas de traballo cooperativo a través de proxectos e talleres.
- Establecer periodicamente sesións de consulta entre o alumnado e o profesorado.
- Coidar que o alumnado comprenda a información que se lles proporciona; para iso ás veces haberá que darlles instrucións individuais e mesmo analizar polo miúdo, as diferentes partes da tarefa, o que deben facer, que pasos seguir...etc.

3.- Respecto aos materiais:

- Adecuar os materiais escritos. Por exemplo, elaborar resumos, esquemas, vocabulario previo, etc. que permitan ao alumnado acceder mellor á comprensión dun tema.

- Utilizar unha gran variedade de recursos didácticos (fotografías, vídeos, ordenador...) e non só o libro de texto, xa que debemos desenvolver competencias de aprender a aprender, uso das novas tecnoloxías, polo que hai que ensinar estratexias tanto de busca coma de procesamento da información.

4.- Respecto aos agrupamentos:

- Probar diferentes agrupamentos para as tarefas e para o diferente alumnado: ás veces un cambio de lugar de traballo ou de compañeiros/as pode arranxar unha situación conflitiva.

- Favorecer a aprendizaxe entre iguais (conseguir a colaboración doutros alumnos ou alumnas, grupos de traballo cooperativo...)

5.- Respecto á avaliación:

- Proporcionar ao alumnado información clara e concisa sobre criterios de avaliación e de cualificación e comprobar que o alumnado o comprende.

- Avaliar os diferentes tipos de contidos, non só os conceptuais, en relación ás actividades realizadas e con procedementos axeitados a eses contidos.

- Seleccionar instrumentos de avaliación variados (observación, probas orais, escritas, tipo test, traballos individuais e en grupo, maior valoración dos procedementos ou da actitude, dar máis tempo para a realización de determinadas probas de avaliación, valorar determinadas partes dos exercicios de avaliación en función dos contidos seleccionados, darlles a coñecer os resultados da avaliación ou corrección, autocorrección, coavaliación...) axeitados ao que fixeron, ao que aprenderon e a como o aprenderon.

- Avaliar non só o produto final, senón o proceso de aprendizaxe.

6.- Respecto aos obxectivos e contidos:

- Priorizar obxectivos, en función das capacidades do alumnado prestando especial atención ao desenvolvemento das capacidades e a adquisición das competencias básicas.

- Organizar e secuenciar os contidos de forma distinta. Dar máis tempo para a adquisición de determinados contidos e respectar os distintos ritmos e niveis de aprendizaxe.

- Para presentar os contidos, utilizar diferentes estratexias, non só os métodos expositivos.

- Dar prioridade a uns núcleos de contidos sobre outros, por exemplo, aos contidos máis funcionais que son necesarios para acceder a outros...

- Tratar de forma equilibrada os diferentes tipos de contidos presentes na área ou materia. Non fixar unicamente contidos de tipo conceptual.

- Establecer plans de traballo personalizado, para que aínda traballando os mesmos contidos, non todo o alumnado teña que facer o mesmo nin co mesmo nivel de dificultade.

7.- Estratexias para a mellora dos hábitos de traballo:

- Orientacións para a organización e xestión do tempo de estudo. Plan diario. Uso da AXENDA

- Control frecuente do traballo do alumno/a. Revisión e seguimento sistemático dos cadernos e materiais de clase.

- Axuda para fraccionar as tarefas extensas e complexas en pequenas tarefas máis curtas e simples.

- Creación de hábitos de subliñado, elaboración de esquemas, resumos...

- Implicar ás familias para que apoiem a realización do traballo na casa.

8.- Estratexias para mellorar a comprensión e retención de contidos:

- Anticipar contidos (que sei, que quero descubrir, que aprendín).
- Levar esquemas previamente preparados con algunhas lagoas de información que o alumnado deberá ir completando. Igual con textos.
- Clarificación de conceptos esenciais.
- Relacionar conceptos novos con outros xa aprendidos.

9.- Estratexias para a mellora da autonomía persoal e a socialización:

- Aumento da participación en clase dando pequenas responsabilidades.
- Axustar o nivel de axuda ás necesidades e situacións.
- Dar valor ás tentativas que os alumnos fan para resolver as tarefas.
- Organizar unha folla de rexistro coas dificultades e evolucións do alumnado con dificultades.
- Promover a toma de decisións deste alumnado.
- Reforzar os comportamentos ben feitos na clase.
- Procurar ignorar os comportamentos non perturbadores, intervindo nos problemáticos prioritarios a través de contratos ou sistemas de fichas para reforzar os máis desexados.
- Establecer na clase ambientes menos competitivos e de máis colaboración.
- Solicitar ao alumnado con máis problemas, tarefas que sabemos que saben facer.

10.- Estratexias para mellorar a atención:

- Sentar ao alumnado nunha zona con poucos distratores.
- Facilitar a visualización do encerado sen realizar axustes motóricos continuos.
- Eliminar da mesa todo o que non necesiten neses momentos.
- Axudar a organizar as súas tarefas de forma estruturada.
- Establecer regras claras e esixir o seu cumprimento.
- Facer preguntas. Sacar ao encerado.
- Variar o ton de voz.
- Usar e reclamar o contacto visual.
- Explicar a finalidade e relevancia da tarefa, individualmente, se fose necesario.
- Organizar a aula para formar pequenos grupos ou parellas que axuden a manter a atención do alumnado con problemas neste sentido.

11.- Estratexias para mellorar a conduta e as actitudes:

- Aínda que sexa un dos bloques que se traballa nas titorías ao inicio de cada curso, será tarefa de todo o equipo educativo o traballo conxunto, coa participación do alumnado, sobre o establecemento e mantemento dunhas normas mínimas en clase que permitan que o proceso de ensino-aprendizaxe se leve a cabo nas mellores condicións.
- Reforzar a aparición de condutas positivas.
 - Avisar ás familias sobre os problemas de comportamento e as medidas que podemos tomar na casa e no colexio.
 - Control diario a través dun rexistro de conduta.

12.- Estratexias para elevar a autoestima:

- Recoñecemento a nivel privado e público dos éxitos.
- Análise dos erros dende un punto de vista construtivo, é dicir, centrándonos tamén nos aspectos positivos e mellorables, informando ao alumnado sobre a mellora na súa execución.
- Outorgarlles responsabilidades dentro do grupo.

10.-Medidas extraordinarias de atención á diversidade

Adaptacións curriculares.

As adaptacións curriculares son un recurso extraordinario para adaptar os diferentes elementos do proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades do alumnado.

O equipo docente será convocado polo titor/a do alumno/a. Unha vez reunido para acordar a medida deberá levantar acta da proposta de ACS. Este acta será enviado á inspección educativa, xunto coa proposta de ACS para a súa autorización. O profesorado adaptará as programacións e o ensino ao grupo de alumnado, realizando se fose necesario adaptacións curriculares de distinta magnitude, dende as adaptacións de acceso (espazos, recursos, código de comunicación...) ata adaptacións do currículo ordinario.

Estas medidas de resposta educativa extraordinaria serán propostas para o alumnado con necesidades educativas especiais vinculadas a condicións de discapacidade, discapacidade intelectual ou graves problemas de conduta.

A decisión de que o alumnado prosiga o seu ensino con adaptacións curriculares tomaraa o titor/a encargado da docencia do grupo ao que pertence o alumno/a, e será asesorado polo Departamento de Orientación, sempre que se esgotaran, aquelas medidas que se afastan en menor grao do currículo ordinario e da programación ordinaria.

As adaptacións curriculares serán realizadas cando a competencia curricular se afasta significativamente do currículo e do previsto nas programacións (mínimo 2 cursos escolares) é dicir, será necesario modificar os contidos básicos das diferentes áreas, afectando aos obxectivos xerais e aos respectivos criterios de avaliación das devanditas áreas, e polo tanto ao grao de consecución dos obxectivos e as competencias claves.

Para poñelas en marcha, será necesario realizar previamente, unha avaliación psicopedagóxica para determinar as competencias curriculares do alumno ou alumna e traballar a partir delas tendo sempre como referencia o currículo ordinario.

Criterios xerais para a solicitude de Adaptación Curricular Significativa:

A adaptación curricular é unha medida extraordinaria de atención á diversidade que afecta os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo

A elaboración da AC levarase a cabo a través do aplicativo PROENS.

A solicitude da Adaptación curricular levarase a cabo a través do aplicativo ANEAE (www.edu.xunta.gal/aneae) seguindo ás instrución remitidas ao centro por parte do Servicio de Inspección educativa.

Deberase informar as familias da medida extraordinaria adoptada, e estas asinarán nun documento que será enviado á inspección educativa, xunto coa proposta de ACS para a súa autorización.

11.-Apoio permanente para o alumnado con N.E.E.

Na aula de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe traballárase con programacións individualizadas, que respondan ás necesidades de cada alumno ou grupo de alumnos podendo realizarse este traballo dentro da aula ordinaria ou na aula específica dependendo das necesidades que se haxan de traballar co acordo e a estreita colaboración entre o titor e/ou profesor de área e o profesor ou profesora de P.T ou AL.

Os obxectivos xerais que se formulan son:

- ❖ Estimular o desenvolvemento xeral en todas as áreas dos alumnos con necesidades educativas especiais.
- ❖ Atender ás dificultades específicas de cada alumno ou grupo.
- ❖ Facilitar os procesos de aprendizaxe para favorecer no posible o acceso ao currículo ordinario dalgúns alumnos e alumnas.

Ademais, levaranse a cabo outras actividades, tales como:

- Reunións con titores, equipo de profesores, ciclos, etc.
- Reunións coas familias
- Reunións con outros especialistas.
- Participar na avaliación do alumnado NEAE.
- Realización e selección de materiais didácticos.
- Colaboración cos profesionais de outros centros que traballen cos alumnos ou alumnas (casos de escolarización combinada, domiciliaria...)
- Informe final anual do alumnado atendido

Criterios para decidir a incorporación dun alumno ou alumna á aula de apoio:

1. Alumnado con necesidades educativas especiais, con Adaptación Curricular Significativa.
2. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Entre os alumnos e alumnas do apartado segundo atenderase prioritariamente aos de menor idade e maior grao de dificultades detectadas.

Os criterios para elaborar os horarios nos que os alumnos e alumnas abandonan a aula ordinaria, tenderase a procurar unha distribución equilibrada ao longo da semana e a que os alumnos e alumnas se ausenten preferentemente daquelas materias nas que o seu desnivel de competencia curricular con relación ao resto da clase impídanlles seguir, aínda que sexa minimamente, o currículo ordinario.

Ademais e para que o apoio individualizado se poida realizar nunhas mínimas condicións que garantan certo grao de efectividade,

- A atención darase un mínimo de 2 horas por semana a cada alumno ou alumna se fose posible.
- Atenderase ao alumno de forma personalizada.
- O alumnado de Primaria non sairá da súa aula, en sesións con especialidades, salvo casos excepcionais.

A permanencia dun ano máis no curso

Na proposta curricular dos diferentes niveis recóllese máis polo miúdo, cales son os criterios de promoción dos alumnos a cursos e etapas seguintes.

Tanto para os que promocionan sen superar todas as áreas ou materias, coma aqueles para os que o equipo docente tome a decisión de que permanezan un ano máis no curso planifícanse medidas de reforzo personalizadas orientadas á superación das dificultades.

Os profesores e profesoras de todas as materias avaliadas negativamente elaborarán, antes da finalización do curso académico, un informe individualizado, o máis preciso posible, que permita ao profesor ou profesora do curso seguinte elaborar o plan específico de cada alumno. Fomentamos con isto a coordinación entre o profesorado dos diversos niveis. O plan de actuación con estes alumnos/as será elaborado no mes de setembro e nel incluíranse as medidas que consideren máis oportunas.

No caso de que celebrada a primeira avaliación, o alumno ou alumna non supere os criterios de avaliación establecidos no seu plan para o primeiro trimestre, farase unha valoración por parte do D.O. e, se procede, unha Adaptación Curricular.

12.-Outros recursos humanos e materiais para atender á diversidade

Dar resposta ás diferenzas individuais implica a coordinación de todos os recursos humanos existentes no centro.

A actuación inconexa e illada do profesorado e especialistas evita a finalidade educativa que as medidas de atención á diversidade perseguen.

Así titores e titoras teñen unha función moi importante tanto en relación co propio alumnado, coma co resto de profesorado, e coas familias.

O profesorado do D.O. realizará tarefas de prevención, detección, valoración, atención e seguimento do alumnado con dificultades.

O Equipo Directivo recollerá e canalizará as propostas do profesorado sobre a detección do alumnado con dificultades de aprendizaxe, coordinará as áreas de intervención e o profesorado implicado, e habilitará os recursos necesarios para a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas, do tipo que sexan.

Os materiais didácticos serán adaptados, tendo en conta as diferentes dificultades que atopadas na aula. Dende o D.O. facilitaranse axudas neste senso.

No centro e na aula débense tomar medidas para a eliminación de barreiras arquitectónicas que permitan a calquera alumno ou alumna a plena mobilidade.

13.-Participación das familias

As familias recibirán información ao longo do curso, e serán oídas en todas aquelas decisións que se tomen respecto ás medidas a poñer en marcha para a mellora das aprendizaxes dos seus fillos e fillas.

Os informes psicopedagóxicos elaborados polo D.O. estarán a disposición das familias que así o requiran, e formarán parte do expediente do alumno, previa comunicación as mesmas.

No caso da flexibilización da duración dos niveis e etapas para o alumnado NEE ou para altas capacidades, é prescriptiva a conformidade escrita da devandita medida.

Ademais será necesaria a colaboración co profesorado, na posta en marcha e seguimento de todas as medidas tanto no ámbito escolar coma familiar.

14.-Avaliación

a) Seguimento e avaliación das medidas adoptadas

Do mesmo xeito que co resto do alumnado, realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos nas distintas medidas de atención á diversidade, introducíndose as medidas correctoras oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.

A avaliación será realizada polo profesorado implicado, nas sesións de coordinación e avaliación marcadas no PXA.

Nas actas de avaliación consignarase se se realizaron Adaptacións Curriculares (AC); no caso de que as adaptacións non se aparten significativamente do currículo ordinario consignarase nas devanditas actas como reforzo educativo (RE).

No Boletín trimestral de información ás familias, recollerase cuantitativa e cualitativamente o grao de consecución dos obxectivos programados para ese trimestre.

b) Avaliación e revisión da concreción

A avaliación efectuarase a dous niveis:

- ✓ Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado afectado pola atención, xa mencionado no apartado anterior.
- ✓ Avaliación da concreción. Esta avaliación será anual, preferentemente ao final do curso co fin de analizar a adecuación dos obxectivos e deseñar as modificacións pertinentes en canto ao alumnado, recursos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir sería:

- Análise, valoración e seguimento nas reunións de niveis e departamento ao longo do curso.
- Posta en común na CCP o longo de todo o curso.
- Elevación de conclusións e posibles melloras e modificacións nas xuntanzas de claustros para o coñecemento de todo o profesorado.
- Inclusión das valoracións e propostas de mellora na Memoria de fin de curso, que servirá de base para a elaboración da PXA do curso seguinte.

PROGRAMA DE MEDIACIÓN

Xustificación da necesidade dun programa de resolución de conflitos

O equipo directivo deste centro, xunto ao equipo de orientación e outros equipos docentes consideramos que unha das funcións da nosa labor escolar non é só instruír ao alumnado senón tamén formalo como persoas de maneira integral.

1.- IMOS FORMAR MEDIADORES EN CONFLITOS

A tarefa de mellora da convivencia e da resolución de conflitos iníciase:

>>tomando conciencia de que a convivencia é un asunto de todos/as.

>>temos que saber actuar para previr condutas de conflito.

O mediador é ten que ser aquel alumno ou alumna que contribúe a diminuír as hostilidades, a mellorar a comunicación, a renovar as relacións interpersonais entre iguais e fomenta o pensamento colaborativo.

É a nosa tarefa como profesorado, fomentar a idea de que os alumnos/as poden afrontar os seus propios conflitos e asumir a súa responsabilidade, como principio básico do programa de mediación e de resolución de conflitos.

Propiciar no centro escolar espazos e estruturas que dean paso a procesos de Mediación, de negociación e de fomento das actitudes que fan do conflito unha oportunidade de desenvolvemento persoal, máis que de confrontación e violencia, e que representa unha **nova visión positiva do conflito**, que pode trasladarse aos diferentes ámbitos nos que se desenvolve o alumnado.

Serve tamén para sentar as bases de diversos tipos de relacións que se reflectirán nas súas vidas futuras tanto escolares (no IES) coma sociais.

Os conflitos que poden xurdir no centro e que non son abordados cando aparecen, poden permanecer latentes durante moito tempo, e repercutir negativamente na nosa convivencia.

Desde o equipo directivo e o Departamento de Orientación xorde a idea de crear e formar un grupo **de alumnos/as Mediadores**, que sexan capaces de escoitar e acompañar a outros compañeiros ou compañeiras na súa mellora de convivencia.

Temos que ser capaces de axudarlles a chegar a solucións equitativas e realistas para os seus conflitos.

Con todo iso, pretendemos introducir un medio de xestión de convivencia baseada nas capacidades de negociación e respecto mutuo, fomentando a empatía e mellora das relacións interpersonais.

Pretendemos que o noso centro respire un clima positivo onde, tanto o alumnado como o profesorado, síntanse a gusto no desenvolvemento dos seus papeis.

2. OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- Sensibilizar ao alumnado do centro para que utilicen o diálogo como medio de resolución de conflitos.
- Seleccionar dentro do alumnado un grupo, elixido de entre todos eles, e que voluntariamente acepten desenvolver a mediación dentro do centro.
- Adestrar ao alumnado para desenvolver procesos de mediación de conflitos entre iguais.
- Estender o sentir ao centro, do enriquecedor que é para o alumnado a adquisición de habilidades e estratexias para a resolución pacífica dos conflitos.
- Conseguir que se poñan no lugar do outro.
- Contribuír a mellorar o clima de convivencia no centro.
- Favorecer a participación directa do alumnado na resolución de conflitos no centro.
- Incrementar os valores de escoita activa, cooperación, empatía e solidariedade entre todos.
- Deseñar estratexias para previr que ocorra o problema antes de que aparezan os síntomas da desorde ou o desacordo.

3.- PRESENTAMOS AOS MEDIADORES

As tarefas de Mediación desenvólvese durante os espazos de lecer (recreos) e nos corredores do tránsito ás aulas.

O alumnado mediador levará posto un peto distintivo AMARELO para seren recoñecidos e identificados polo resto do alumnado.

4.- ACTIVIDADES A REALIZAR

- Aprender a asumir o conflito como un valor en positivo.
- Traballar o diálogo como alternativa a outras posibles respostas como son a agresión e violencia ou as de fuxida e submisión.
- Potenciar contextos cooperativos nas relacións interpersonais: Eu gaño/ti gañas. Imos sumar esforzos.
- Adestrar en habilidades de autorregulación e autocontrol, como recursos claves para favorecer a toma de decisións de forma autónoma e axustada á contorna escolar.
- Practicar na participación democrática: experimentando a importancia das opinións, sentimentos, desexos e necesidades, tanto propias como dos outros, así coma, a súa contribución a procura de mellora das situacións inxustas ou desagradables.
- Traballar actitudes de apertura, comprensión e empatía que implica un compromiso de atención ao outro.
- Concienciarnos do protagonismo das partes na resolución dos seus conflitos:
 - as partes implicadas nun conflito aprenden a identificar as súas necesidades e intereses fronte ao outro.
 - as partes en conflito aprenden a colaborar conxuntamente na procura de solucións satisfactorias para ambos.
- Identificar aquelas condutas que alteran a convivencia de maneira reiterada e grave e non corresponden á actuación dos mediadores senón a intervención do profesorado.

5.- TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

A xefa do departamento explica ao profesorado dos grupos que se elixiron como mediadores en que consiste o programa e solicita a colaboración na toma de decisións.

Igualmente se explica aos titores/as a temporalización da formación de mediadores que leva a cabo a Orientadora en colaboración con outro profesorado voluntario que pode achegar propostas de cambio ou melloras ao programa.

A formación desenvólvese nos meses de maio e xuño có alumnado que está a ser mediador no curso vixente (dos 6º niveis) e cos mediadores que tomarán o relevo no seguinte curso escolar (dos 5º niveis) e da seguinte maneira:

1ª sesión	Explicación do programa aos grupos de 5º nivel de Primaria
2ª sesión	Elección do grupo de mediadores de entre os grupos de nivel. Elixidos de entre eles 5 mediadores/as. E 2 suplentes.
3ª sesión	Traballo co grupo de mediadores elixidos : identificación do conflito, causas e solucións posibles.
4ª sesión	<u>Escoita activa</u> : escoitar de forma activa ás persoas afectadas e nunca decantarse por ningunha das partes. É o mediador quen fai preguntas abertas e repite o acontecido para verbalizar desde outra perspectiva o tipo de conflito a resolver. Comunicación hábil.
5ª sesión	<u>Aprender a mediar: 1ª fase</u> : Identificar os intereses de ambas partes. Afondar na natureza do conflito. É o momento de intentar enfocar o conflito desde diversos puntos de vista. Intentar que as persoas afectadas no conflito sexan capaces de poñerse no lugar do outro. Si conséguese que cambien de perspectiva, tamén serán capaces de reverter a súa situación inicial.
6ª sesión	<u>Aprender a mediar: 2ª fase</u> Crear opcións a partir do conflito. Chega o momento de poñer enriba da mesa todas as ideas que van xurdindo durante a mediación escolar. Unha vez estean todas as propostas, elíxense aquelas que máis poden favorecer á resolución do conflito. É aquí onde se busca fomentar a cooperación e inténtase que as partes afectadas sexan capaces de chegar a acordos concretos.
7ª sesión	<u>Aprender a mediar: 3ª fase</u> Pactar. Unha vez alcanzan os acordos que satisfagan a ambas partes, chega o momento de elaborar un acordo no que estean convencidas as partes. Estas persoas deben ser capaces de verbalizar a que pactos chegan. Neste momento da mediación fíxase unha data para revisar en que estado atópase o conflito, para así poder levar a cabo as accións correctoras que sexan pertinentes.
8ª sesión	<u>Aprender a mediar: 4ª fase</u> Pechar a mediación. Pasado un tempo prudencial o alumnado afectado e o mediador/a vólvanse a reunir para valorar en que momento atópase o conflito. Nesta revisión se incide no que funcionou e no que non e, si cabe, suscítanse outras pautas de actuación.

Durante os meses de maio e xuño o alumnado mediador de 6º titorizará ao alumnado de 5º que será mediador no curso seguinte.

Esta titorización consistirá en explicarlles, e poñer en valor, as súas estratexias e habilidades aprendidas como mediadores.

No día programado en xuño para a despedida e entrega das ORLAS no IES, o alumnado Mediador que remata etapa, recibe o recoñecemento da comunidade escolar ao traballo desenvolvido e fai entrega dos petos ao alumnado que toma o relevo da Mediación e que desenvolve esta tarefa o seguinte curso no noso centro .

6.- MEMORIA FINAL E PROPOSTAS DE MELLORA

A final de curso, o alumnado mediador fará un balance ou unha Memoria na que se presentan as propostas a mellorar para o curso seguinte, segundo as súas experiencias. Pódense achegar aquelas aportacións consideradas polo resto do alumnado no que incidiu a Mediación.

A mediación finaliza nunha posta en común, unha exposición oral ou escrita diante do gran grupo, traballando a oratoria con preguntas aos mediadores sobre o que lles aportou o programa e como incidira a súa actuación na resolución dos conflitos.

Igualmente realizaranse escritos, redaccións, debuxos e todas aqueles traballos que precisen para ensinar a todo o centro o traballo desenvolvido.

Estes traballos quedarán EXPOSTOS nos corredores da zona dos 5º e 6º .

3.20.- Plan Tic. Normas básicas de utilización dos recursos TIC nas aulas

As tecnoloxías da comunicación e da información estanse introducindo de forma sistemática e xeneralizada no campo da educación, e forman xa parte dos cambios sociais que estamos a vivir.

Certamente é necesaria a adquisición de recursos ante estes cambios, e máis na medida en que de xeito cotiá empregamos estes recursos para mellorar a calidade e os aspectos de «motivación» e de «logro» na ensinanza do noso alumnado en xeral.

A utilización axeitada das novas tecnoloxías pasa pola formación do profesorado. Na actualidade contamos cun profesorado bastante implicado co uso das Tic nas aulas, mais debemos seguir apostando pola formación.

Non obstante, e á marxe da falta de compromiso da administración pública a hora de dotar a todo o profesorado dos medios necesarios para este labor, nos últimos anos o profesorado do centro participou en diferentes actividades de formación sobre as Tic para proxectalas, a toda a comunidade educativa en xeral, e á aula en particular.

Ademais, estase a dedicar, de xeito constante ao longo dos últimos anos, unha parte do orzamento á dotación e mantemento dos recursos Tic do colexio.

Por todo isto, pretendemos dotarnos dun plan sostíbel e realista, que incorpore a toda a comunidade educativa, que fomente a formación e motivación do profesorado no uso das Tic, que reforce a súa metodoloxía, que lle permita coñecer recursos e actividades para podelas integrar no proceso de ensinanza e aprendizaxe, e que posibilite a creación dun espazo de recursos.

Máis concretamente, para desenvolver a competencia dixital do alumnado e do profesorado procuraremos:

- Promover a participación nas actividades de formación necesarias.
- Organizar e deseñar liñas de actuación para a integración das Tic nas aulas.
- Empregar didacticamente a web dinámica do centro.
- Incorporar boas prácticas educativas que usen as Tic como experiencias de aula.
- Empregar ferramentas colaborativas, tanto de aplicación directa na aula como para compartir materiais e experiencias co resto do profesorado.
- Empregar contidos dixitais educativos do Espazo Abalar e outros repositorios.
- Usar e elaborar recursos didácticos para o Encerado dixital interactivo (Edi).
- Presentar as actividades didácticas ao alumnado baixo o formato dun blog.
- Empregar correctamente os equipos cos que conta o centro e rexistrar as incidencias do funcionamento dos equipos informáticos.

E como Centro Abalar que somos, seguiremos apostando por:

- Desenvolver correctamente o proxecto.
- Participar nas actividades de formación necesarias.
- Introducir nos sistemas da Consellería os datos precisos para a correcta articulación das funcionalidades do Espazo Abalar.
- Facer uso das funcionalidades e recursos dispoñibles no Espazo Abalar.

- Promover o seu coñecemento e utilización entre as familias.

B. Obxectivos a curto e longo prazo que se pretenden acadar, metodoloxía e actividades.

O desenvolvemento da competencia referida ao «tratamento da información e competencia dixital» vains posibilitar a comunicación e a transmisión de información en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como un elemento esencial.

Esta competencia fai referencia ás habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes que van dende o acceso e selección da información até o seu uso e transmisión en distintos soportes; e contribúe, finalmente á comunicación, á creación e á convivencia.

Neste curso académico abordaremos a aplicación do Plan dixital aprobado no curso 21-22. (Ver ANEXO)

B.1. Obxectivos a longo prazo:

Dende o punto de vista do Centro:

- Continuar e afianzar o proceso xa emprendido de “alfabetización dixital” de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Dar un sentido claro, útil e axeitado a todos os recursos cos que conta o centro.
- Achegar a escola á realidade social.
- Aplicar as Tic á xestión do centro.

Dende o punto de vista do alumnado:

- Desenvolver novas formas de aprendizaxe.
- Estimular a curiosidade por novos coñecementos.
- Xerar interese polo fenómeno tecnolóxico.
- Fomentar e desenvolver un espírito crítico coa información obtida.
- Adquirir estratexias intelixentes de busca, tratamento, procesamento e presentación da información.
- Fomentar o traballo cooperativo entre o alumnado.
- Estimular a creatividade e a imaxinación, utilizando as Tic como medios de comunicación e expresión.
- Potenciar a integración do alumnado con necesidades educativas específicas mediante o uso de materiais adaptados e flexibles.

Dende o punto de vista do profesorado:

- Continuar co proceso de integración das Tic no noso centro dando protagonismo a todo o profesorado.
- Contar cunha serie de recursos e contidos que apoiem e melloren o proceso de ensino - aprendizaxe en cada un dos niveis.
- Afianzar e ampliar metodoloxías e didácticas coas Tic.
- Desenvolver o traballo colaborativo entre docentes.

Dende o punto de vista das familias:

- Conseguir a implicación das familias a través das Tic no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Establecer unha dinámica de colaboración permanente.
- Levar ata os fogares a idea de que as Tic son moito máis que un elemento de lecer.

B.2. Obxectivos a curto prazo:

Dende o punto de vista do alumnado:

- Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo.
- Aprender a buscar, seleccionar e valorar información na rede, para usar esa información como recurso educativo e organizala e tratala mediante medios informáticos.
- Colaborar na revista escolar.

Dende o punto de vista do profesorado:

- Promover e potenciar a formación.
- Crear unha actitude de interese e busca de coñecemento no profesorado.
- Introducir as aplicacións informáticas á práctica docente na aula.
- Facilitar o acceso aos medios informáticos ao alumnado con necesidades educativas específicas.
- Empregar as Tic nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Aplicar as Tic á xestión do centro, á comunicación entre o profesorado, á comunicación coas familias, etc.
- Potenciar o uso dos espazos web abertos e incrementar o número de colaboradores: web, blog e revista.
- Usar a rede como ferramenta de busca de información no seu traballo diario e como medio de comunicación co resto da comunidade educativa.

B.3. Desenvolvemento:

O desenvolvemento irá en paralelo coa formación do profesorado e co seguinte eixo de actuación:

- Coñecemento e manexo dos recursos materiais.
- Desenvolvemento de actividades cos mencionados recursos.
- Integración deses recursos e desas actividades nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

No que respecta ao coñecemento e manexo dos recursos materiais será necesario, por parte de todas as usuarias e usuarios, un uso correcto do software e do hardware.

En canto ás actividades, serán programadas polo profesorado, tanto titor como especialista, coñecedores en cada momento das necesidades educativas do seu alumnado así como dos apoios curriculares necesarios.

No presente curso, coa normalización da situación sanitaria, recuperamos para o uso do alumnado a aula Ángeles Alvariño e a Biblioteca. Por isto, no primeiro trimestre de curso volveremos a dotar á aula Ángeles

Alvaríño de elementos tecnolóxicos para o uso na actividade do centro e convertela, de novo, na aula informática do centro.

B.4. Avaliación:

Realizarase unha avaliación do proceso na que cada un dos equipos de ciclo fará unha valoración puntual das experiencias realizadas, dos resultados acadados e dos cambios de futuro a realizar; indicando tamén os instrumentos tecnolóxicos postos en práctica e aqueles que poida ser preciso incorporar.

C. Estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.

Propomos que a formación no manexo e utilización dos distintos recursos cos que conta o centro se faga por ciclos e por centros de interese. Esta formación deberá ser eminentemente práctica, para a adquisición de hábitos e destrezas, e guiada preferibelmente de xeito presencial.

Dentro da proposta dos plans de formación en centros, terán o seu espazo aqueles que xurdan do interese específico do noso profesorado, pois estes son, sen dúbida, os que espertan maior motivación.

O profesorado que imparte docencia nas aulas de 5º e 6º de E. Primaria seguirá afondando no desenvolvemento do proxecto Abalar. E ademais, coñecendo os elementos e os aspectos técnicos máis básicos da aula Abalar para xestionala de xeito cotiá.

D. Utilización e aproveitamento dos recursos existentes no centro en beneficio do proxecto.

As Tic deben ser unha ferramenta de aprendizaxe cada vez máis familiar para o alumnado e o profesorado, integradas en tódalas áreas do coñecemento. A súa incorporación ás aulas de forma natural será un instrumento didáctico magnífico.

Mais o feito de ter tecnoloxía na aula non comporta necesariamente un cambio metodolóxico, pois pode ser empregada para continuar exclusivamente con métodos expositivos. Por iso é necesario dotar ao profesorado de coñecemento, exemplos, estratexias e tódolos recursos que lle permitan sentirse dono e non escravo da tecnoloxía de cara ao seu mellor aproveitamento.

O equipamento do centro é o seguinte:

- Rede local Lan e wifi, e Rede Abalar.
- Aula de Informática: equipada con 13 ordenadores de sobremesa. Ordenador de profesor conectado a canón de vídeo e superficie de proxección.
- Equipamento Abalar nas 4 aulas de 5º e 6º de E. Primaria: Edi, canón proxector, portátil de profesor/a, netbooks do alumnado, aínda que cada vez menos porque non se repoñen, armario de carga, caixa de conexións e APs (puntos de acceso ao Servidor Abalar).
- Ordenador conectado á Rede con fíos, paneis dixitais e sistema de altofalantes en todas as aulas de E. Primaria e E. Infantil.
- Ordenador conectado á Rede con fíos, paneis dixitais e sistema de altofalantes, e sistema de proxección e altofalantes no escenario, na aula Rosalía de Castro.

- Ordenador conectado á Rede con fíos nas aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Encerado dixital interactivo, canón de vídeo, sistema de altosfalantes e ordenador de sobremesa na Biblioteca. Tamén ordenadores de Bibliotecaria e Usuarios de Biblioteca.
- Tres ordenadores de sobremesa, un deles conectado a canón de vídeo con superficie de proxección e sistema de altosfalantes; unha impresora láser en rede e un punto de acceso wifi na sala do profesorado.
- Servidor de recursos de centro, procedente do equipamento Abalar, ao que poderán acceder tódolos ordenadores do Centro. Tamén servidor de conexión wifi.

A coordinación realízase mediante o equipo Tic, no que hai representación de todos os ciclos nos que está organizado o centro. Todos deberemos potenciar o uso axeitado e permanente dos recursos fixos e levar os recursos portátiles existentes á aula ordinaria de forma continuada, dándolle sentido claro e útil a todos.

E. Organización dos espazos do Centro.

En cursos anteriores establecéronse horarios de uso semanal e rotatorio das aulas compartidas, que denominábase aulas Tic.

F. Plan de avaliación anual.

Entendemos que o proceso avaliativo máis eficiente, fiábel e claro é a observación directa na aula de cada un dos elementos que interveñen, polo que propomos unha avaliación onde se contrasten e valoren tanto os recursos utilizados como a aceptación, emprego e idoneidade para cada un dos nosos nenos e nenas.

Por iso avaliaremos:

- O grao de consecución e a adecuación dos obxectivos, contidos e actividades.
- A metodoloxía.
- O grao de implicación do profesorado, a súa formación e recursos utilizados.
- As avarías e deterioro dos equipos empregados.
- A organización e planificación.
- A coordinación docente.
- A colaboración externa: administración, centro de formación, asesor/a Abalar, etc.

Para esta avaliación recompilaremos informacións básicas que nos permitan realizar os axustes precisos para garantir que se alcancen os obxectivos propostos. En consecuencia realizaremos unha avaliación do proceso na que os equipos de ciclo transmitirán aos membros do equipo Tic a súa valoración puntual das experiencias realizadas, dos resultados acadados e dos cambios de futuro a realizar; indicando tamén os instrumentos tecnolóxicos postos en práctica: webs visitadas, programas existentes no mercado e/ou na rede que incorporen as novas tecnoloxías, para así facer máis completo o banco de recursos creado. Esta avaliación permitirá tamén un axuste de calquera aspecto que non fose axeitado.

Na avaliación final –documento que se elaborará a modo de memoria final– recollerase a valoración sobre os seguintes aspectos:

- Se se está producindo unha verdadeira integración das Tic no currículo e nas programacións.

- Se as Tic melloran a aprendizaxe do alumnado.
- Se aumenta o grao de confianza e a autonomía do profesorado no manexo das Tic.
- Se a utilización dos recursos é a axeitada.
- As propostas de mellora.

G. Medidas para difundir o proxecto.

Entre o profesorado é o equipo Tic o que difunde o proxecto e, ao mesmo tempo o enriquece coas achegas recollidas nos equipos de ciclo.

No que respecta a nosa Comunidade Educativa os medios son:

- A páxina web, a revista electrónica e os blog de aula.
- O diálogo constante coas familias a través de notas informativas, reunións, etc.
- Abalar Móbil.

Ademais, no NOF do centro aparecen reflectidos os documentos «Protocolo de normas básicas de utilización de recursos Tic nas aulas Abalar» e «Protocolo de uso de recursos Tic nas dependencias do Centro que non están integradas na Rede Abalar» aprobados polo Claustro de Profesorado e o Consello Escolar do Centro.

ANEXO I.

Normas básicas de utilización dos recursos Tic nas aulas Abalar.

I. Introducción.

Co fin de que a Aula Abalar teña un bo funcionamento e de que este funcionamento sexa coñecido por todo o profesorado que imparta, por calquera circunstancia, docencia en calquera das Aulas Abalar, establecemos as seguintes normas de funcionamento aprobadas polo Claustro de Profesores e o Consello Escolar do Centro.

II. Normas xerais.

1. Cada profesor/a é o responsable da utilización dos Recursos Abalar nas súas actividades na Aula Abalar, velando polo seu correcto uso.

2. Como norma xeral, os recursos Abalar permanecerán sempre na Aula Abalar para evitar calquera incidencia no traslado a outras dependencias do Centro.

3. Cada portátil do alumno estará identificado cun número. Este será o que corresponda ó seu número de lista e aula. Utilizará o mesmo portátil ao longo de todo o curso.

4. Tamén no armario de carga estarán identificadas numericamente as casas correspondentes a cada un dos portátiles, polo que cada portátil deberá quedar na casa que lle corresponde polo seu número, ben colocado e conectado para a súa carga.

III. Profesorado: xestión dos elementos da aula Abalar.

III.1. Normas de funcionamento.

III.1.1. Netbooks do alumnado e portátil do profesor.

- É o profesor/a o encargado de marcar as pautas de utilización dos recursos Abalar segundo a temporalización e organización das actividades académicas previstas.
- A aula do programa Abalar estará pechada con chave sempre que non haxa actividades lectivas na mesma: o profesor encargado de pechala é o que impartirá a última hora de docencia na mesma.
- A chave do armario de carga custodiarase na titoría, no lugar establecido.
- Cando un profesor/a remate a súa sesión de docencia na Aula Abalar utilizando os portátiles dos alumnos/as, antes do remate da mesma, coordinará a devolución dos mesmos ó armario de carga (de acordo coas normas establecidas para esta función) que quedará pechado.
- Durante a hora do recreo o proxector permanecerá apagado e a aula permanecerá pechada con chave (corresponde ao profesor que imparta a sesión anterior esta función).
- O portátil do profesorado sempre permanecerá enriba do carro de carga (co cable antirrobo pechado con chave).
- A clase permanecerá pechada con chave no caso de que os alumno/as se despracen a outra aula ou outra dependencia, ou ben cando a aula estea valeira por calquera circunstancia.
- Ao remate das sesións lectivas diarias, o profesor comprobará que todos os elementos Abalar quedan en orden.
- Calquera problema que xurda con calquera recurso Abalar (portátiles dos alumnos, ordenador do profesor, proxector, Edi, ...) farase constar no rexistro de incidencias proporcionado a tal fin, así

como comunicáraselle verbalmente ao Coordinador Abalar para que llelo faga saber, se é o caso, ao resto dos responsables: titor do curso, director/a, xefe de estudos, Uac; para darlle solución á incidencia.

III.1.2. Armario de carga.

- O armario de carga deberá estar sempre enchufado. Poderá quedar desconectado durante as vacacións.
- Ao remate das actividades lectivas diarias os portátiles do alumnado deberán quedar colocados na casa correspondente do armario de carga e conectados para recargar a batería. Terase especial coidado co enganche de conexión á corrente e o lazo do lapis. O armario de carga quedará pechado con chave e esta depositarase no lugar establecido.
- Non se tapaná o armario de carga con ningún obxecto para que a ventilación do mesmo sexa a correcta.

III.1.3. Encerado dixital interactivo (Edi).

- É conveniente ter en conta os consellos do fabricante que seguen a continuación:
 - Nunca utilizar obxectos afiados (por exemplo, bolígrafos ou punteiros) como ferramentas de escritura.
 - Non utilizar endexamais borradores abrasivos nin sustancias químicas fortes para limpar a unidade.
 - Non utilizar cinta adhesiva.

IV. Alumnado.

IV.1. Portátiles do alumnado.

IV.1.1. Normas xerais.

- Cada alumno/a responsabilizase do seu portátil que usará ao longo de todo o curso. O portátil usarase só baixo a autorización do profesor/a encargado da clase e seguindo as súas instrucións.
- Teranse en conta as seguintes recomendacións para evitar o seu deterioro:
 - Debe evitarse expoñelo a temperaturas altas (sol, radiador) e á humidade (auga).
 - Non se lle darán golpes.
 - Non se colocarán obxectos de ningunha clase encima do mesmo.
 - A pantalla só se debe tocar co punteiro do propio portátil e tratarase con moito coidado xa que é o elemento que máis facilmente se deteriora.
- Cando o portátil estea avariado ou se quede sen batería, o alumno deberá de seguir a clase con outro compañeiro/a.
- Calquera incidencia será comunicada ao profesor/a que nese momento está na aula. Se a súa gravidade o require, apuntarase no rexistro de incidencias e darase conta ao Coordinador Abalar que llelo fará saber ao resto dos responsables: titor/a do curso, director/a e xefe/a de estudos, Uac; para darlle solución á incidencia..
- alumno/a poderá traer uns cascos para o seu uso persoal. Tamén debería dispor dun lapis de memoria, que funcionará a xeito de mochila electrónica, para gardar os seus traballos. O alumno/a será o responsable do seu uso e conservación.

IV.1.2. Uso durante a clase.

- Antes de coller o portátil do armario de carga os alumnos/as deixarán as súas mesas libres de material para evitar a súa colocación en situacións de equilibrio precario: só se permitirá o caderno e un lapis ou bolígrafo (sempre e cando así o indique o profesor/a).
- alumnado recollerá o portátil do carro de carga por orde, para facilitar a identificación do portátil que lle corresponde e que lle será entregado polo profesor/a. En ningún caso acudirá en grupo para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos.
- Collerase o portátil coas dúas mans e procurando que non lle tape a visión do camiño. Non se poderá coller o portátil pola pantalla, sempre se deberá transportar colléndoo pola base ou pola súa asa.
- alumnado non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesor, unha vez rematada a exposición do traballo que van a realizar.
- Cando o profesor/a teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación, baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos, de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
- alumnado seguirá sempre as normas do profesor/a encargado da aula para a utilización dos portátiles. Cada alumno será o responsable do escritorio do seu portátil, das súas carpetas, etc.
- uso da Rede do Centro terá sempre unha finalidade educativa.
- Queda prohibido o acceso a páxinas cuxos contidos non teñan carácter educativo.

IV.2 Encerado dixital interactivo (Edi).

- Só o profesorado pode activar e desactivar o Edi e o canón proxector.
- Todo o alumnado é responsable do coidado do Edi.
- Os alumnos/as non deben usar o Edi sen permiso do profesor/a.
- Queda prohibida a utilización de bolígrafos, rotuladores ou calquera utensilio de escritura no Edi.

V. Responsabilidades do uso non axeitado dos recursos da aula Abalar.

O alumnado que participa no Proxecto Abalar deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa establecida e asumir a responsabilidade correspondente no caso da mala utilización dos citados recursos. As sancións, en función da gravidade da falta, serán as que a continuación figuran:

a) Non cumprimento das normas nunha clase:

- Retirada da utilización do netbook na citada clase.

b) Non cumprimento das normas de utilización de forma habitual, varias veces á semana:

- Retirada da utilización do netbook durante un tempo determinado, non superior a un mes.

c) Non cumprimento das normas habitualmente e de forma reiterativa, sen que as anteriores sancións causasen efecto:

- Retirada do uso do netbook para todo o resto do curso.

d) Danos no netbook de forma intencionada, como tiralo ao chan, verter auga ou líquidos sobre o mesmo:

- Pago do valor do portátil ou, de ser o caso, do arranxo do mesmo.

Co fin de respectar os dereitos do alumno/a:

- A sanción prevista no apartado “a” será imposta polo profesor/a correspondente.
- A prevista no apartado “b” será imposta polo Equipo Directivo e o titor/a do curso, logo de escoitar ó alumno/a.
- As sancións previstas nos apartados “c” e “d” deberán ser impostas polo Consello Escolar, logo de escoitar ao alumno/a e os seus pais ou titores.

VI. -Información e compromiso dos pais/nais do alumnado.


Co fin de informar aos pais/nais dos alumnos/as do Proxecto Abalar dedicaremos un apartado específico na reunión coas familias a celebrar no primeiro trimestre do curso.

VII. Normativa de cumprimento.

O usuario que non cumpra as directrices establecidas no presente protocolo estará suxeito á normativa recollida no Nof do Centro (apartado V do presente protocolo) ou na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo de 2011), artigo 13.1.

Lei 4/2011: Artigo 13. Responsabilidade e reparación de danos:

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.



Proxecto Abalar

O equipamento das aulas Abalar é propiedade da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. O depositario dos mesmos por delegación é o CDEP Paralingüe Concepción Arenal. Son un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito de participación do Centro no Proxecto Abalar. O alumnado ao que vai dirixido deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa de uso incorporada no NOF, sabendo que o incumprimento da mesma, conllevará algunha das sancións que se establecen no devandito Regulamento e mesmo sancións económicas se chegara o caso.

V. RESPONSABILIDADES DO USO INADECUADO DOS RECURSOS DA AULA ABALAR

O alumnado que participa no Proxecto Abalar deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa establecida e asumir a responsabilidade correspondente no caso da mala utilización dos citados recursos. As sancións, en función da gravidade da falta, serán as que a continuación figuran:

Tipo	Falta	Sanción	Axente sancionador
A	Non cumprimento das normas de utilización do netbook en sala de clase	Retirada da utilización do netbook durante un tempo determinado, non superior a un mes	Profesor/a correspondente
B	Non cumprimento das normas de utilización de forma habitual, sanas e cívicas	Retirada do uso do netbook para todo o resto do curso	Equipo Directivo e o titor/a do curso, logo de escoitar ó alumno/a
C	Non cumprimento das normas habitualmente e de forma reiterativa, sen que as anteriores sancións causasen efecto	Retirada do uso do netbook para todo o resto do curso	Consello Escolar, logo de escoitar ao alumno/a e os seus pais ou titores
D	Danos no netbook de forma intencionada, como tiralo ao chan, verter auga ou líquidos sobre o mesmo	Pago do valor do portátil ou, de ser o caso, do arranxo do mesmo	Consello Escolar, logo de escoitar ao alumno/a e os seus pais ou titores

Quedo informado/a e acepto a presente normativa que asino.

A Coruña, de de 20...

O Pai/Nai/Titor legal do/a alumno/a:

Axudo:

Modelo a asinar polas familias _____

ANEXO II.

Normas básicas de utilización dos recursos Tic nas aulas (non Abalar).

I. Introducción.

Co fin de que as aulas con recursos Tic teñan un bo funcionamento e de que este funcionamento sexa coñecido por todo o profesorado que imparta, por calquera circunstancia, docencia en calquera das Aulas, establecemos as seguintes normas de funcionamento aprobadas polo Claustro de Profesores e o Consello Escolar do Centro.

II. Normas xerais.

1. Cada profesor/a é o responsable da utilización dos Recursos Tic nas súas actividades, velando polo seu correcto uso.

2. Como norma xeral, os recursos Tic permanecerán sempre na aula para evitar calquera incidencia no traslado a outras dependencias do Centro.

3. Cada recurso estará identificado cun número que corresponderá á citada aula.

III. Profesorado: xestión dos elementos da aula.

III.1. Normas de funcionamento.

III.1.1. Aula.

- É o profesor/a o encargado de marcar as pautas de utilización dos recursos Tic segundo a temporalización e organización das actividades académicas previstas.
- A aula estará pechada con chave sempre que non haxa actividades lectivas na mesma: o profesor encargado de pechala é o que impartirá a última hora de docencia na mesma.
- Durante a hora do recreo o proxector permanecerá apagado e a aula permanecerá pechada con chave (corresponde ao profesor que imparta a sesión anterior esta función).
- A clase permanecerá pechada con chave no caso de que os alumno/as se despracen a outra aula ou outra dependencia, ou ben cando a aula estea valeira por calquera circunstancia.
- Ó remate das sesións lectivas diarias, o profesor comprobará que todos os elementos da aula quedan en orden.
- Calquera problema que xurda con calquera recurso Tic (ordenador de aula, proxector, Edi, altofalantes, ...) farase constar no rexistro de incidencias proporcionado a tal fin, así como comunicaráselle verbalmente ao Coordinador Tic para que llelo faga saber, se é o caso, ao resto dos responsables: titor do curso, director/a, xefe de estudos, Uac; para darlle solución á incidencia.

III.1.2. Ordenador de aula.

- No caso de ser portátil, sempre permanecerá co cable antirrobo pechado con chave.
- Non se tapará con ningún obxecto para que a ventilación do mesmo sexa a correcta.
- Debe evitarse expoñelo a temperaturas altas (sol, radiador) e á humidade (auga).
- Protexerase dos golpes.

III.1.3. Paneis dixitais.

- É conveniente ter en conta os consellos do fabricante que seguen a continuación:
 - Nunca utilizar obxectos afiados (por exemplo, bolígrafos ou punteiros) como ferramentas de escritura.
 - Non utilizar endexamais borradores abrasivos nin sustancias químicas fortes para limpar a unidade.
 - Non utilizar cinta adhesiva.
 - O paneis permanecerá apagado sempre que non se use (obrigatorio no tempo do recreo).

IV. Alumnado.

IV.1. Normas xerais.

- O alumno/a seguirá sempre as normas do profesor/a encargado da aula para a utilización dos recursos Tic.
- Só o profesorado pode activar e desactivar o Edi, o ordenador de aula e o canón proxector.
- Todo o alumnado é responsable do coidado do Edi.
- Os alumnos/as non deben usar o Edi sen permiso do profesor/a.
- Queda prohibida a utilización de bolígrafos, rotuladores ou calquera utensilio de escritura no Edi.

V. Responsabilidade do uso non axeitado dos recursos da aula Tic.

O alumnado deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa establecida e asumir a responsabilidade correspondente no caso da mala utilización dos citados recursos. As sancións, en función da gravidade da falta, serán as que a continuación figuran:

a) Non cumprimento das normas nunha clase:

- Retirada da utilización do recurso na citada clase.
- b) Non cumprimento das normas de utilización de forma habitual, varias veces á semana:

- Retirada da utilización do recurso durante un tempo determinado, non superior a un mes.

c) Non cumprimento das normas habitualmente e de forma reiterativa, sen que as anteriores sancións causasen efecto:

- Retirada do uso do recurso para todo o resto do curso.

d) Danos no recurso de forma intencionada, como tiralo ao chan, verter auga ou líquidos sobre o mesmo:

- Pago do valor do recurso ou, de ser o caso, do arranxo do mesmo.

Co fin de respectar os dereitos do alumno/a:

- A sanción prevista no apartado “a” será imposta polo profesor/a correspondente.
- A prevista no apartado “b” será imposta polo Equipo Directivo e o titor/a do curso, logo de escoitar ó alumno/a.
- As sancións previstas nos apartados “c” e “d” deberán ser impostas polo Consello Escolar, logo de escoitar ao alumno/a e os seus pais ou titores.

VI. Información e compromiso dos pais/nais do alumnado.

Co fin de informar aos pais/nais dos alumnos/as da normativa de funcionamento e utilización dos recursos Tic da aula, así como das sancións previstas aos alumnos/as polo mal uso do mesmo, incluírase este punto nas reunións de titoría de principio de curso e na reunión con todos os pais/nais dos alumnos/as do Centro na que se informa tamén do que é o Espazo Abalar (xustificación de faltas, petición de citas co titor/a, etc).

VII. Normativa de cumprimento.

O usuario que non cumpra as directrices establecidas no presente protocolo estará suxeito á normativa recollida no NOFC do Centro (apartado V do presente protocolo) ou na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo de 2011), artigo 13.1.

Lei 4/2011: Artigo 13. Responsabilidade e reparación de danos:

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.



Aulas TIC.

O equipamento das aulas TIC é propiedade da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. O depositario dos mesmos por delegación é o CEIP Plurilingüe Concepción Arenal. Son un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito da participación do Centro en Proxectos TIC. O alumnado ao que vai dirixido deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa de uso incorporada no NOFC, sabendo que o incumprimento da mesma, carrexará algunha das sancións que se establecen no devandito Regulamento e mesmo sancións económicas se chegara o caso.

V- RESPONSABILIDADES DO USO INADECUADO DOS RECURSOS DA AULA ABALAR

O alumnado que participa en Proxectos TIC deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa establecida e asumir a responsabilidade correspondente no caso da mala utilización dos citados recursos. As sancións, en función da gravidade da falta, serán as que a continuación figuran:

Tipo	Falta	Sanción	Axentes/sancións der
A	Non cumprimento das normas nunha clase	Retirada da utilización do recurso na citada clase	Profesoría correspondente
B	Non cumprimento das normas de utilización de forma habitual, varias veces a semana	Retirada da utilización do recurso durante un tempo determinado, non superior a un mes.	Equipo Directivo e o titor/a do curso, logo de escoitar ó alumno/a
C	Non cumprimento das normas habitualmente e de forma reiterativa, sen que as anteriores sancións causasen efecto	Retirada do uso do recurso para todo o resto do curso	Consello Escolar, logo de escoitar ao alumno/a e os seus pais ou titores
D	Danos no recurso de forma intencionada: como tiralo, golpealo, verter auga ou líquidos sobre o mesmo	Pago do valor do recurso ou, de ser o caso, do arranxo do mesmo	

Quedo informado/a e acepto a presente normativa que saíno.

A Coaña, de de 20....

O Pai/Nai Titor legal do/a alumno/a

Modelo a asinar polas familias

Assin:

DNI nº:

3.21.- Plan anual de lectura

O Plan Anual de Lectura nace como concreción do Proxecto Lector, documento recollido no Proxecto Educativo de Centro que ten como obxectivo fundamental garantir a capacitación dos alumnos e alumnas nas competencias básicas.

O Plan Anual de lectura é un documento que implica a toda a comunidade educativa.

ÍNDICE

1. Fundamentación
2. Análise das necesidades de renovación e actualización dos fondos documentais
3. Obxectivos
4. Tipo de organización e funcionamento
5. Actuacións por trimestres.
6. Horario previsto de atención específica
7. Recursos humanos e materiais.
8. Ler en familia. Actividades para a implicación das familias.
9. Criterios e procedementos de avaliación

1. Fundamentación

Consideramos que a biblioteca escolar é unha parte esencial das intencións educativas dun centro escolar .

Toda aprendizaxe autónoma baséase no desenrolo de dúas capacidades fundamentais: a competencia lectora e a capacidade de acceso a unha información actualizada. A biblioteca escolar, como centro de recursos, favorece a adquisición destas dúas capacidades básicas.

A adquisición de estratexias de busca, selección, valoración, uso e produción de información en diferentes soportes e formatos, así como o fomento do hábito lector, ou polo menos, o espertar do gusto pola lectura, son imprescindibles para a adquisición das competencias básicas, especialmente a competencia en comunicación lingüística, o tratamento da información e competencia dixital, a competencia cultural e artística e aprender a aprender.

Cada día hai un número mais amplo de profesores dos distintos niveis educativos que son conscientes da importancia de que os alumnos saiban acceder e utilizar diferentes fontes de información, e de que a biblioteca escolar é un espazo privilexiado para o desenrolo destas habilidades.

Ademais, a biblioteca escolar é un recurso básico para fomentar a calidade da ensinanza e desempeña un papel fundamental na igualdade de oportunidades.

Por esta razón recolleemos do Manifesto da UNESCO os obxectivos e as funcións máis axeitadas para apoiar e resumir a pretensión do noso proxecto:

I.-Segundo o *Manifesto da UNESCO para as mediatecas escolares*, 1979

- *Dotar aos estudantes das técnicas e habilidades necesarias para que sexan capaces de obter e utilizar a máxima diversidade de recursos e servizos .*
- *Educalos para ser toda a súa vida usuarios de biblioteca co obxectivo de desfrutar, informarse e aprender continuamente.*

II.-Segundo o *Manifesto da Biblioteca Escolar, UNESCO/IFLA*, 1999

- *Crear e fomentar nos rapaces o hábito e o gusto por ler, por aprender e por utilizar ás bibliotecas ó longo de toda a súa vida.*
- *Ofrecer oportunidades de crear e usar a información para adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.*
- *Ensinar ó alumnado as habilidades para avaliar e utilizar a información en calquera soporte, formato ou medio, tendo en conta a sensibilidade polas formas de comunicación presentes na súa comunidade.*

III.-Segundo as *Conclusións do Encontro Nacional sobre Bibliotecas Escolares*. Madrid Marzo 1997:

A biblioteca escolar ten unha serie de funcións educativas que afectan en xeral á formación integral da persoa e, en concreto ó deseño, desenvolvemento e innovación curricular. Entre outras: formación na busca, análise e tratamento da información e a documentación.

2. Análise da situación de partida da biblioteca e o seu contexto

Este ano recuperamos o horario completo na biblioteca, pois xa non é usado para completar o horario do comedor.

A *Aula Rosalía*, na que contamos co escenario, utilízase este curso para a aula de 4ºA pois 6ºEP está desdoblado en tres grupos.

Realízase o préstamo nos recreos e no horario hai unha hora reservada para que cada titor/a poida acudir co seu alumnado.

PROTOCOLO DO USO DA BIBLIOTECA PARA O CURSO 2023-24

PRÉSTAMOS:

- Levarase a cabo nos recreos co equipo de biblioteca.

No noso colexio impártense as ensinanzas de Educación Infantil e de Educación Primaria. É un centro de liña dous. No presente curso escolar temos matriculados 424 alumnos (128 en Infantil e 296 en Primaria).

No noso colexio hai unha porcentaxe de alumnado inmigrante procedente dos países hispanoamericanos, países asiáticos, países europeos e de países africanos. Convén aclarar que se da unha grande mobilidade entre este alumnado, desprazándose a miúdo de lugar de residencia. Sinalar, tamén, que moitos dos alumnos primitivamente inmigrantes acadaron xa a nacionalidade española.. Non se dan problemas de rexeitamento por parte do resto dos seus compañeiros e compañeiras, polo que se atopan integrados.

As características do noso alumnado son as seguintes:

- Heteroxeneidade no referente ao plano académico: Alumnos moi motivados e outros con baixo nivel de motivación cara a aprendizaxe.
- Unha grande porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais permanentes(diminuídos motrices, -con ou sen afectación cerebral-, TXD, TEA, trastornos condutuais, TDAH, cegueira) e alumnado con necesidades educativas de tipo transitorio (dificultades de aprendizaxe, desvantaxe socio-educativa,).Nos últimos cursos apreciamos un aumento moi significativo do número de casos con dificultades na linguaxe (sobre todo na etapa de Infantil) que fan que precisen de atención logopédica.
- Alumnado inmigrante. Os alumnos hispanos chegan cun nivel curricular moito máis baixo que o que teñen o resto do alumnado. É preciso organizar sempre actividades de reforzo, grupos de adquisición de linguas (para os alumnos que descoñecen as dúas linguas) e outras medidas de tipo curricular e organizativo para tentar conseguir elevar o seu nivel curricular e/ou a inmersión lingüística.
- En xeral, escasos hábitos de estudo persoal e de organización e planificación do traballo académico.
- Porcentaxe significativa de alumnado con familias desestruturadas ou situacións familiares complexas.

Referente ao profesorado, temos unha plantilla de 30 profesores definitivos, 3 provisionais, 1 de Relixión e 1 Auxiliar de conversa.

Dende hai uns anos estamos a apostar fortemente polo uso das TICs no proceso de ensino-aprendizaxe e polo Plurilingüismo: somos un centro plurilingüe dende o curso 2010-11 e participamos no proxecto ABALAR dende a súa posta en marcha.

A biblioteca escolar do centro leva funcionando varios anos pero dende o curso 2015-16 sufriu un importante cambio que foi recompensado coa inclusión no PLAMBE.

Como xa foi recollido na memoria do curso 2015-16, no segundo trimestre comezou o cambio do espazo físico e no curso 2016-17 empezamos propiamente co traballo da biblioteca, fomentando o interese e a paixón pola lectura, colaborando á consolidación do hábito lector e posibilitando ó acceso a unha colección actualizada, atractiva e axeitada aos intereses dos neno/as, nun clima favorable e para un uso cultural e creativo do tempo de lecer. Non debemos esquecer que a biblioteca debe proporcionar oportunidades para buscar información en calquera formato, tratar esa información e conseguir con ela un obxectivo concreto de forma interdisciplinar dende infantil ata 6º de primaria.

3. Análise das necesidades de renovación e actualización dos fondos documentais.

Na biblioteca do CEIP Plurilingüe Concepción Arenal levouse nos últimos cursos un importante expurgo e renovación dos seus fondos invertendo unha cantidade importante do presuposto do centro así coma a asignación do PLAMBE.

De tódolos xeitos os fondos mercados seguen a ser insuficientes e precisamos seguir a invertir en distintos tipos de fondos.

Tamén precisamos renovar aqueles fondos deteriorados polo uso.

De ser posible renovaremos as revistas (Reportero DOC, *Caracola* e o xornal Papagaio) para o noso alumnado.

4. Obxectivos

Os nosos obxectivos específicos (os xerais dámoslos por supostos) serían:

1. Analizar os fondos cos que contamos; detectar as necesidades mais urxentes e proceder a emendas. (CDs, DVDs, inglés...)
2. Catalogar e rexistrar as novas adquisicións.
3. Levar a cabo a formación de usuarios co profesorado que se incorpora novo así coma co alumnado.
4. Fomentar as bibliotecas de aula.
5. **Fomentar a inclusión:** neste apartado non soamente estarían @s n.e.e. severas senón tod@s aqueles nenos/as cunha situación absolutamente desfavorecida. Ao noso centro asiste un importante número de alumnado inmigrante e tamén alumnos/as das vivendas sociais do entorno que carecen de recursos e que as súas familias tampouco son quen de axudalos e motivalos polo que consideramos que debemos centrarnos neles.
6. Continuar publicando no blog: <https://rataconchita.blogspot.com>. todo o referente a biblioteca onde a nosa mascota ten un gran protagonismo.
7. Colaborar coa biblioteca municipal do barrio (Forum).
8. PDI: *Ratiña Conchita vai de Entroido*.

5. Tipo de organización e funcionamento

O equipo de Biblioteca do CEIP Plurilingüe Concepción Arenal está formado por un dinamizador e varios membros procedentes das dúas etapas impartidas no Centro.

O equipo de biblioteca celebrará como mínimo unha reunión mensual na que avalíe e coordine as súas actuacións e na que se acheguen e discutan as novas propostas. A persoa encargada informará a continuación ao claustro, ciclos ou equipos implicados nesas propostas. Tamén haberá unha reunión mensual entre a coordinadora da Biblioteca e os coordinadores dos outros equipos docentes.

Este Equipo encargárase:

- Organizar os andeis e os armarios da biblioteca.
- Organizar as condicións de préstamo dos libros, Cds, Cintas de vídeo...
- Revisar periodicamente as devolucións.
- Acabar de catalogar os fondos que non o están e catalogar os novos exemplares.
- Levar unha coordinación cos distintos equipos, especialmente co EDNL, que permita, por unha banda coñecer os recursos didácticos dos que sería conveniente dispor na biblioteca e, por outra, animar á lectura e incluso á elaboración de traballos interdisciplinarios de interese tanto para alumnado como para profesorado.
- Establecer criterios de compra para optimizar os recursos e promover a ampliación da biblioteca.
- Introducir códigos QR nalgúns libros da biblioteca.
- Fomentar o traballo interdisciplinar co PDI así como a busca de información.

6. Actuacións por trimestres

O longo de todo o curso fomentárase a lectura nas aulas, tanto en castelán como en lingua galega, e así traballar e ampliar as competencias lingüísticas.

Obxectivos:

- Crear hábitos de lectura
- Estimular o interese pola lectura.
- Facilitar a libre elección de textos por medio da auto selección “aconsellada” de libros.

1º TRIMESTRE:

Xestión técnica e organización

- Dotación dunha biblioteca de aula para o funcionamento e o préstamo en Ed. Infantil e EP
- Elaboración do horario de uso da B.E. para os grupos de aula.
- Adquisición de novos fondos en distintos soportes atendendo as necesidades do centro. Pediráse ao profesorado a súa colaboración podendo así pedir aqueles libros que boten en falta.

Formación de usuarios. Difusión de recursos

- Distribución da Guía da biblioteca entre o persoal de nova incorporación. Tamén para as familias e o alumnado que chegan ao centro..
- Solicitud de carnés de aula da Biblioteca Municipal (FORUM) para quen aínda non o teña e o desexe.

Fomento da lectura.

- **Mochilas viaxeiras:** dúas por aula dende o 1 de outubro.
- **Búsqueda do tesouro.** Para practicar a CDU.
- Celebración do día das bibliotecas escolares.(24 outubro)
- **Contos que meten medo!** Para celebrar o Samaín/Halloween.

Este ano no 1º Ciclo EP escribirán Poesías que meten medo!

2º Ciclo EP realizarán Adiviñas e Rimas que meten medo!

3º Ciclo EP elaborarán os Contos que meten medo!

@S nen@s de 6º EI, farán de forma cooperativa un Conto que mete medo!

- Día da Non Violencia.
- Elaboración e distribución da Guía de lectura Nadal.

2º TRIMESTRE:

Fomento da lectura.

- **PDI: Ratiña Conchita vai de Entroido.**
- Día de Rosalía
- Día da Muller
- Celebración do día da poesía (21 marzo).Recitando, musicando e compoñendo poemas.
- Celebración do día do libro (Todo o mes de abril).

3º TRIMESTRE:

Xestión técnica e organización

- Elaboración dunha enquisa para avaliar o desenvolvemento do Prox. Lector.
- Elaboración da memoria final.
- Elaboración da memoria para o PLAMBE

Formación de usuarios. Difusión de recursos

- PDI: Ratiña Conchita vai de Entroido
- Selección e exposición de fondos temáticos con cada efeméride e momento do ano.
- Exposición de novidades nos mobles utilizados a tal efecto na biblioteca.

Fomento da lectura.

- Elaboración e distribución da Guía de verán.
- Celebración das "Letras Galegas" (17 maio) en colaboración co EDNL. Revista "Catro Camiños".

TODO O CURSO

- Elaboración do carné da biblioteca aos novos usuarios (profesorado e alumnado)
- Catalogación e rexistro dos novos fondos que se adquiran no curso.
- Selección e exposición de fondos temáticos con cada efeméride e momento do ano.
- Exposición de novidades nos mobles utilizados a tal efecto na biblioteca.
- Programa de colaboración coas Bibliotecas Municipais.
- Contacontos d@s alumn@s interciclos
- Contacontos e encontros con autores.
- Programa "Prensa e Escola" de la Voz de Galicia en 5º e 6º E.P.
- Actualización do blogue.

Ademais colaborarase na celebración de Nadal, Paz, Entroido ,Muller traballadora... así como nos proxectos que se desenvolven en Ed.Infantil.

7. Horario previsto de atención específica

A biblioteca permanecerá aberta durante toda a xornada lectiva para que as titorías podan dispoñer dun horario semanal para planificar as visitas á Biblioteca.

As persoas do equipo de biblioteca terán o seguinte horario:

	LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES
1º Hora				Eugenia/Irene/ Cristina F.	María L.
2º Hora				Úrsula/ Eugenia/ Beatriz	
3º Hora					
RECREO	Cristina L.	Bea	Crespo	Eugenia	María L.

4º Hora	Crespo	María/Eugenia			
5º Hora		Eugenia/Cristina	Eugenia		

8. Recursos humanos e materiais

Para levar a cabo todo o traballo que pensamos desenvolver neste curso e que xa quedou recollido no proxecto presentado para o PLAMBE formouse un equipo de dinamización de biblioteca.

O equipo está formado polas seguintes mestras:

- Cristina López Alonso
- Manuel González Crespo
- Cristina Freire Sandá
- María J. Lariño Mariño
- Úrsula Louriño Vázquez
- Irene Mandiá Muñoz
- Beatriz Soto Enríquez
- M^a Eugenia Pérez Barreiro (coordinadora)

Xuntos trataremos de levar a cabo o traballo iniciado nos últimos cursos para acadar un bo funcionamento.

Como recursos materiais ademais dos fondos contamos con 5 ordenadores, 3 tablets e un encereado dixital.

Tamén contamos cun recuncho para contar contos e una cortiza para expoñer os traballos do alumnado.

9. Ler en familia. Actividades para a implicación das familias.

Como actividade principal este curso contamos co préstamo e as mochilas viaxeiras onde as familias na casa teñen que ler cos seus fillos/as, algo que consideramos fundamental para continuar o traballo que nós iniciamos na escola. Coidamos que si os pais/nais non nos axudan co noso traballo os nenos/as non acadarán un bo hábito lector.

Ademais as titoras de 4º E.I. pídenlle que se fagan socios da biblioteca municipal para que así vaian cos seus fillos/as a buscar libros para ler na casa.

Tamén os/as titores/as nas reunións de principios de curso, piden colaboración dos pais/nais nos traballos de investigación que se propoñan polo curso, axudando aos seus fillos/as a buscar a información necesaria.

10. Criterios e procedementos de avaliación

A avaliación de consecución dos obxectivos deste PLAN farase en tres fases:

- unha avaliación continua, que nos permita facer modificacións da planificación inicial cando se detecte a súa necesidade;
- unha avaliación trimestral, para analizar en conxunto os logros de cada trimestre;
- unha avaliación final, da que sairá a Memoria Final.

10.1 Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Reconto de fondos catalogados.
- Acceso da comunidade educativa aos fondos documentais nos distintos soportes.
- Material proporcionado para o apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Consolidación do hábito lector.
- Adquisición de habilidades de obtención e procesamento da información por parte do alumnado.
- Colaboración e participación nas actividades de dinamización dos equipos didácticos, profesorado, alumnado e persoal non docente.
- Contribución da Biblioteca ao desenvolvemento do Plan Lector.
- Incorporación das novas tecnoloxías.
- Análise do blogue da Biblioteca.
- Apoio prestado aos alumnos con necesidades educativas especiais.
- Favorecemento do acceso igualitario aos recursos.

10.2 Procedementos de avaliación

Os procedementos dos que nos serviremos serán os seguintes:

- Análise do servizo de préstamo e doutras listaxes que nos proporciona o Programa Meiga.
- Análise do grao de participación dos distintos membros da comunidade educativa nas actividades de dinamización.
- Valoración crítica dos traballos realizados. Enquisas aos usuarios.
- Caixa de suxestións.

3.22.- Concreción do Plan de benestar emocional

O propósito fundamental deste plan de Benestar e Convivencia é crear unha contorna escolar positivo e saudable onde todos os membros da comunidade educativa sentan seguros, respectados e valorados. Isto inclúe aos alumnos, o profesorado, o persoal nondocente, as familias e os membros da comunidade.

Así procuraremos unha contorna segura, inclusivo e enriquecedor que fomente o desenvolvemento integral dos estudantes nas etapas de educación infantil e primaria.

Este plan busca promover o benestar físico, emocional e social dos nenos, así como establecer un ambiente propicio para a aprendizaxe, a tolerancia e o respecto mutuo.

Actuará como coordinador do plan de benestar Shyra Flecha Conde baixo a supervisión do dirección do centro educativo.

Para levar a cabo ditas función coordinarase semanalmente coa dirección do centro educativo, a xefa do departamento de orientación, a ANPA, así como o resto de profesorado que sexa preciso para o desenvolvemento de dito plan, e outras institución e persoas externas ao centro educativo que fosen precisas.

Obxectivos, accións enfocadas ao Avaliación e modificación do plan e Temporalización

Obxectivo	Accións	Temporalización
1. Fomentar un ambiente escolar seguro: Garantir que todos os estudantes sentan seguros física e emocionalmente na escola, promovendo medidas contra o acoso, a violencia e o abuso.	1. Realizar sesións de formación para o persoal docente e non docente sobre prevención e detección de acoso e abuso. (PFPP Resolución de conflitos) 2. Establecer un sistema anónimo de informes de acoso e abuso para que os estudantes poidan comunicar as súas preocupacións. (Buzón de suxestións) 3. Organizar charlas e actividades educativas sobre resolución pacífica de conflitos e empatía. (Charla ANPA-Cfr)	1º e 2º trimestre do curso escolar. 1º e 2º trimestre do curso escolar. Ao longo do curso escolar.

<p>2. Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, incluíndo contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo no plan de acción tutorial.</p>	<p>1. Desenvolver un plan de acción tutorial que inclúa actividades de mediación e resolución de conflitos. (PAT)</p> <p>2. Facilitar a formación do profesorado en habilidades sociais e intelixencia emocional. (PFPP Resolución de conflitos)</p> <p>3. Promover a participación dos estudantes na creación de normas de convivencia. (Normas de aula)</p>	<p>Ao longo do curso escolar.</p>
<p>3. Establecer normas de convivencia: Desenvolver un conxunto de normas e valores compartidos que promovan a convivencia pacífica e o respecto mutuo entre os membros da comunidade escolar.</p>	<p>1. Diseñar, aprobar as normas de convivencia de forma democrática nos órganos de goberno establecidos normativamente. (NOFC)</p> <p>2. Difundir as normas de convivencia a través de cartelería e reunións informativas. (NOFC)</p> <p>3. Implementar programas de educación en valores no centro educativo.</p>	<p>Ao longo do curso escolar.</p>
<p>4. Mellorar a comunicación: Facilitar unha comunicación aberta e efectiva entre estudantes, pais, persoal docente e administrativo para abordar problemas e preocupacións de maneira proactiva.</p>	<p>1. Organizar reunións periódicas entre estudantes, pais, profesorado e persoal administrativo para abordar preocupacións e problemas. (Reunións ANPA, Claustros e Consello escolar)</p> <p>2. Establecer un sistema de comunicación en liña para facilitar a interacción e retroalimentación entre a comunidade escolar. (Web, email, Abalar móbil)</p> <p>3. Crear grupos de traballo para abordar temas específicos de convivencia e benestar. (Comisión de convivencia)</p>	<p>Ao longo do curso escolar.</p>

<p>5. Impulsar a participación estudantil: Incentivar a participación activa dos estudantes na toma de decisións relacionadas co ambiente escolar, como a planificación de actividades e a resolución de conflitos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Crear un comité de alumnado que colabore na planificación e desenvolvemento de actividades e a resolución de conflitos. 2. Promover a elección de representantes estudantís (delegados de aula) para participar nas decisións do centro. 	<p>Ao longo do curso escolar.</p>
<p>6. Fortalecer o traballo en equipo: Fomentar a colaboración entre docentes, persoal administrativo, pais e estudantes para abordar os desafíos de convivencia e benestar de maneira efectiva.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolver proxectos interdisciplinarios que requiren a colaboración de docentes, persoal administrativo, pais e estudantes. 2. Organizar reunións de coordinación regulares entre os diferentes equipos de traballo. (Incorporar na orde do día benestar das reunións de equipo e ciclos) 3. Facilitar a participación dos pais a través da ANPA e o Consello Escolar 	<p>Ao longo do curso escolar.</p>
<p>7. Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecer un protocolo de comunicación interna para identificar e notificar situacións de risco. (PFPP. Primeiros auxilios) 2. Realizar simulacros periódicos de seguridade para preparar o persoal e os estudantes para posibles incidentes. (Simulacro incendio) 3. Facilitar aos profesionais do centro a formación necesaria para manexar situacións de risco. (Simulacro incendio) 	<p>Ao longo do curso escolar.</p>

<p>8. Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoze protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolver programas de formación para o persoal do centro en materia de prevención e protección da infancia. (PFPP. Primeiros auxilios) 2. Organizar obradoiros e actividades para o alumnado sobre prevención de violencia e acoso. (Plan director) 3. Realizar sesións informativas para pais e familias sobre como detectar e responder a situacións de violencia. (Plan director) 	<p>Ao longo do curso escolar</p>
<p>9. Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Colaborar con expertos en nutrición para desenvolver un programa de alimentación escolar equilibrada. (Alimentación e consume/Concello, nutricionista) 2. Ofrecer charlas e obradoiros sobre nutrición e hábitos alimenticios saudables para estudantes e pais. (Alimentación e consume/Concello, nutricionista) 3. Participar nalgún programa que promova a alimentación saudable do alumnado de forma práctica. (Programa Semente) 	<p>1º trimestre do curso escolar.</p> <p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>2º trimestre do curso escolar.</p>
<p>10. Promover a saúde física e mental: Implementar programas que fomenten un estilo de vida saudable, incluíndo a actividade física e a xestión de #o #estrés, e ofrecer apoio en saúde mental cando sexa necesario.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Implementar programas de actividade física e xestión do estrés para estudantes e persoal. (Proxecto actividade deportiva e hábitos saudables) 2. Organizar actividades de concienciación sobre a importancia dun estilo de vida saudable. (Proxecto actividade deportiva e hábitos saudables) 	<p>Ao longo do curso escolar.</p>

<p>11. Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.</p>	<p>1. Formar/informar ao persoal do centro sobre a lexislación de protección de datos e os procedementos a seguir en casos de tratamento ilegal. (Protección de datos)</p> <p>2. Establecer unha canle de comunicación directa coa autoridade pertinente.</p>	<p>1º trimestre curso escolar.</p> <p>Ao longo do curso escolar.</p>
<p>12. Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.</p>	<p>1. Organizar actividades e proxectos que promovan a convivencia pacífica e os valores democráticos. (<i>Emociónate</i>)</p> <p>2. Fomentar o diálogo e a resolución pacífica de conflitos en todas as interaccións escolares. (<i>Patios dinámicos</i>)</p> <p>3. Establecer reunións periódicas da comisión de convivencia que supervise e promova estas medidas. (Comisión de convivencia)</p>	<p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>1º e 2º trimestre do curso escolar.</p>
<p>13. Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.</p>	<p>1. Reunir un equipo interdisciplinario de profesionais para deseñar e implementar programas de detección de dificultades de convivencia. (Comisión de convivencia)</p> <p>2. Realizar seguimento dos resultados e adaptar os programas segundo sexa necesario. (Comisión de convivencia)</p>	<p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>1º e 2º trimestre do curso escolar.</p>

<p>14. Fomentar o respecto e aceptación a diversidade cultural, étnica, de xénero e de habilidades como o alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade creando un ambiente onde todos os estudantes sentan valorados.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Organizar actividades culturais e educativas para promover a comprensión e o respecto á diversidade.(Celebración de conmemoracións) 2. Facilitar a participación de estudantes con <i>nee</i> en actividades escolares e deportivas. (Proxecto actividade deportiva e hábitos saudables) 3. Crear un comité de diversidade que traballe na promoción da aceptación e do respecto (DO) 	<p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>1º e 2º trimestre do curso escolar.</p>
<p>15. Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecer un protocolo de coordinación coa entidade de servizos sociais competente. 2. Identificar casos que requiren intervención e comunicar de maneira inmediata ás autoridades pertinentes. 3. Realizar seguimento dos casos e colaborar coas autoridades durante todo o proceso.(DO) 	<p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>1º e 2º trimestre do curso escolar.</p>
<p>16. Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Organizar reunións informativas e asesoramento para as familias sobre temas de convivencia e benestar escolar. (Titorías) 2. Facilitar a participación dos pais en comités e grupos de traballo escolares.(ANPA; Consello escolar, Comisión de convivencia) 3. Promover de dar difusión de canles de comunicación abertas e accesibles para as familias. (Web, email, Abalar) 	<p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>1º e 2º trimestre do curso escolar.</p> <p>Ao longo do curso escolar.</p>

<p>17. Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.</p>	<p>1. Ofrecer programas de formación para as persoas proxenitoras e tutores sobre prevención e protección da infancia e adolescencia. (Plan director-Familias)</p> <p>2. Organizar sesións informativas sobre os procedementos de actuación en caso de violencia ou abuso. (Plan director-Familias)</p> <p>3. Facilitar recursos e apoio ás persoas proxenitoras para afrontar situacións delicadas.(DO)</p>	<p>1º e 2º trimestre do curso escolar.</p> <p>Ao longo do curso escolar.</p> <p>2º trimestre do curso escolar</p> <p>Ao longo do curso escolar.</p>
<p>18. Avaliar e axustar o plan: Realizar avaliacións periódicas para medir o progreso cara aos obxectivos, identificar áreas de mellora e axustar o plan segundo sexa necesario.</p>	<p>1. Realizar unha avaliación formal do plan ao final de cada ano escolar. (Memoria Final)</p> <p>2. Identificar áreas de mellora e establecer plans de acción para abordalas.</p> <p>3. Axustar o plan en base aos resultados e retroalimentación da comunidade escolar.</p>	<p>Ao final de cada ano escolar.</p> <p>Ao final de cada ano escolar.</p> <p>Ao final de cada ano escolar.</p>

Avaliación e modificación do plan e, de ser o caso

O procedemento de seguimento, avaliación e modificación do Plan de Benestar Escolar ten como obxectivo monitorizar o progreso cara aos obxectivos establecidos e asegurara súa efectividade a través dunha serie de pasos sistemáticos. Este procedemento será aplicado a cada un dos obxectivos, que están acompañados por indicadores de logro específicos.

Pasos do Procedemento: Recollida de Datos:

- No inicio do curso escolar, recóllense datos de referencia relacionados cos indicadores de logro de cada obxectivo. Estes datos servirán como punto de partida para a avaliación.
- Continuamente ao longo do curso escolar, recóllense datos actualizados relacionados cos indicadores, de ser posible.

Avaliación Inicial:

- Ao final do primeiro trimestre do curso escolar, realízase unha avaliación inicial para determinar o progreso cara aos obxectivos. Isto implica analizar os datos recollidos e comparalos cos indicadores de logro establecidos no Plan de centro de Benestar e Convivencia.

Informe de Avaliación Inicial:

- Elaborase un informe de avaliación inicial que inclúa os resultados da avaliación inicial e a identificación de áreas de éxito e áreas de mellora para cada obxectivo.

Accionar Medidas Correctivas:

- En base ao informe de avaliación inicial, se se identifican áreas nas que non se están a cumprir os indicadores de logro, desenvólvense medidas correctivas específicas para abordar esas áreas.

Seguimento Continuo:

- Ao longo do curso escolar, realiza un seguimento continuo dos indicadores de logro e das medidas correctivas. Isto inclúe recoller datos actualizados e analízalos de forma regular.

Avaliación Final:

- Ao final do segundo trimestre do curso escolar, realízase unha avaliación final para determinar se se alcanzaron os indicadores de logro do Plan de centro de Benestar e Convivencia. Compáranse os datos actuais cos datos de referencia e os obxectivos establecidos.

Informe de Avaliación Final:

- Elaborase un informe de avaliación final que inclúa os resultados da avaliación final e unha análise global do progreso cara aos obxectivos.

Modificación do Plan:

- Se se alcanzan os indicadores de logro, o plan continúa sen cambios significativos.
- Se non se alcanzan os indicadores de logro, analízanse as medidas correctivas e realízanse modificacións no plan, se é necesario.

ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

Funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia

1. A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente.

a) As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia son as seguintes:

En coordinación co equipo directivo:

– **Coordinar** o plan de convivencia e colaborar na súa **dinamización** xunto coa **comisión de convivencia do centro**.

- **Fomentar** o uso de **métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos** entreo persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola **incorporación** e tratamento no **plan de acción tutorial** de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- **Identificarse** ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- **Informar** o persoal do centro sobre os **protocolos** de prevención e protección decalquera forma de **violencia** existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a **comunicación** inmediata por parte do centro educativo ás forzas e **corpos de seguridade do Estado**.
- Promover **plans de formación** en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e tutores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha **alimentación saudable** e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un **tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade**, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de **valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz**.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de **detección de dificultades de convivencia e de relación**.
- **Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade** ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- **Coordinar**, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos **servizos sociais** competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos
- Promover a **participación das familias** informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

b) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover **plans de formación** en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

3.23.- *Plan de actividade física e hábitos saudables*

1. Introducción

Nos últimos anos cada vez está mais presente a aparición de enfermidades relacionadas co sedentarismo e a mala calidade de vida como a obesidade infantil.

Este proxecto permite dar resposta a unha cada vez maior e complexa realidade social actual que precisa abordar aqueles aspectos que poden ser mellorables, como son unha maior concienciación en hábitos saudables axeitados e a dinamización de prácticas de actividades deportivas

Deste xeito, este plan constitúe unha ferramenta para a innovación educativa e o desenvolvemento das competencias clave do alumnado en materia de promoción da saúde, facilitando o tratamento dos contidos curriculares relacionados coa alimentación e a actividade física, os hábitos de hixiene e auto coidado.

2. Obxectivos

Dende este Plan, preténdese afondar na consecución destes obxectivos:

1. Favorecer o desenvolvemento de competencias e capacidades que permitan ao alumnado afrontar os riscos para a saúde máis frecuentes nestas idades así como desenvolver aptitudes que permitan tomar conciencia das emocións, así como aprender a regularlas.
2. Sensibilizar sobre a importancia de realizar actividade física e levar unha alimentación variada e equilibrada, facendo especial énfase no aumento do consumo de alimentos saudables.
3. Promover a adquisición de hábitos relacionados coa hixiene e o auto coidado.

3. Medidas a desenvolver

En base as necesidades do centro detectados na análise realizada, e en función das liñas de intervención propostas e os obxectivos marcados, as estratexias que levaremos a cabo están relacionadas coas distintas áreas do currículo, y se desenvolverán de forma transversal ao longo do curso escolar, destacando a súa incidencia na área de Educación Física.

Para a consecución destes obxectivos levaranse a cabo diversas medidas:

- Solicitar en participar no Contrato programa *Edu saúde*.

